

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excm. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 23 de NOVIEMBRE de 2012**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 23 de novembro de 2012, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

*Manifesto en conmemoración do 25 de novembro.

Actas

1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 10/12, do 26 de outubro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 16.801 á 18.900, de 2012.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

3.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se nomea vicepresidenta da Deputación a D^a María Padín Fernández.

4.-Toma de coñecemento da resolución da presidencia nº 19.016 do 13 de novembro e da nº 16.071, do 5 de setembro de 2011.

5.-Proposta da Presidencia sobre o cambio de data do Pleno ordinario do mes de decembro.

6.-Nomeamento de representantes da Deputación en organismos varios.

7.-Actualización da identidade visual da Deputación Provincial da Coruña: aprobación do regulamento.

8.-Modificación do convenio colectivo do persoal laboral.

9.-Aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo. Ano 2013.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

10.-Aprobar a 2^a fase da anualidade 2012 do Plan DTC 94: Unha deputación para todos os concellos.

11.-Aprobar a 7^a fase da anualidade 2012 do Proxecto Mandeo cofinanciado con Fondos Feder.

12.-Aprobar a modificación de novembro de 2012 do Proxecto Mandeo 2008-2011 cofinanciado con Fondos Feder.

13.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Mellora da rede municipal augas en Oza” do Concello de Oza dos Ríos, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2009. Código: 09.3300.0100.0.

14.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Colectores secundarios no concello, fase I” do Concello de Carral, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2010. Código: 10.3300.0121.0

15.-Aprobar a modificación do proxecto da obra “Saneamento e depuración en Carcacia” do Concello de Padrón, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2011. Código 11.3300.0252.0.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

16.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Cedeira para financiar as obras de sinalización da ruta itinerario de interpretación do complexo xeolóxico Ortegal.

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade e Normalización Lingüística

17.-Modificar a concesión de subvención nominativa a COGAMI e aprobar o convenio para actividades de promoción da saúde.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

18.-Aceptar a ampliación da delegación de competencias tributarias do Concello de Ordes relacionadas coa recadación voluntaria e executiva da taxa pola entrada de vehículos e pasaxes permanentes.

19.-Informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao terceiro trimestre de 2012, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163, do 6 de xullo de 2010).

20.-Toma de coñecemento do informe de “Fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial da Coruña correspondente ao exercicio 2011”.

21.-Aprobar o expediente de modificación de créditos nº 6/2012.

22.-Aprobar o Orzamento xeral do exercicio 2013.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción do Partido Socialista solicitando ao Goberno de España que se manteña o nivel de investimento para as comarcas mineiras con cargo ao plan da minería, de polo menos as mesmas contías do exercicio 2011.

-Moción do Partido Socialista sobre medidas fronte aos desafuzamentos.

-Moción do Bloque Nacionalista Galego para que se modifique a Lei hipotecaria e adopción de medidas sociais para solucionar o drama dos desafuzamentos.

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 23 DE NOVIEMBRE DE 2012

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 23 de novembro de 2012, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO	PP
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG

DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DONA AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE
DON JOSÉ ALBINO VÁZQUEZ ALDREY	PP
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA	PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Antes de comezar coa orde do día, propiamente dita, imos ler un manifesto que foi acordado polo tres grupos na conmemoración do Día contra a Violencia de Xénero.

Sr. Secretario

MANIFESTO EN CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVIEMBRE, DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Todos os anos, o día 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, elaboramos un manifesto, recordamos as vítimas, damos datos, constatamos que aínda queda moito por facer. As mulleres seguen morrendo ano tras ano por este terrorismo machista, seguen sufrindo na súa vida e na dos seus fillos e fillas agresións físicas e psicolóxicas, seguen vivindo, demasiadas veces en silencio, un inferno do que é moi difícil escapar. Vivir sen violencia é un dereito. A violencia machista conculca os dereitos e pon en perigo a vida de moitas mulleres galegas, é a manifestación máis terríbel da desigualdade entre homes e mulleres que persiste na nosa sociedade. A obriga das Administracións públicas é poñer os medios para erradicar a violencia de xénero e protexer as vítimas.

A violencia que se exerce contra as mulleres segue a ser un problema global, que ten as súas raíces na estrutura dos sistemas sociais, nos costumes, nas pautas e valores culturais que asignan ás mulleres unha posición inferior e subordinada na familia, no traballo e na sociedade.

É certo que desde que a violencia contra as mulleres deixou de considerarse un problema privado e pasou a definirse como un problema social, foron moitas as medidas activadas para facer fronte a esta realidade. Así, aprobáronse leis estatais e autonómicas innovadoras e de grande importancia en materia de igualdade e de prevención da violencia sexista, activáronse recursos de atención, de apoio, protección e prevención, e día a día póñense en marcha medidas e programas, que promovidos por institucións públicas pretenden erradicar estas condutas discriminatorias e violentas. Pero isto, non é suficiente.

Debido, na meirande parte á situación económica que estamos a vivir, España retrocedeu 14 postos no Índice do Foro Económico Mundial. Cada día as mulleres teñen máis dificultades para ter un emprego, para facer compatible a súa vida laboral e familiar, para incorporarse a espazos de participación e toma de decisións.

O máis sangrante de todos estes pasos atrás é o que afecta ao dereito das mulleres a vivir sen violencia de xénero.

Malia os esforzos realizados nos últimos anos, malia o desenvolvemento lexislativo, estamos a ver como a situación de desemprego está empobrecendo de xeito especial ás mulleres e afectando gravemente á súa vulnerabilidade ante a violencia machista.

A dependencia económica é o maior dos obstáculos para as vítimas de violencia de xénero racharen coa relación que pon en perigo as súas vidas. Por iso pedimos, que a pesar da situación económica, e tendo en conta a gravidade do problema da violencia machista, poidan máis vítimas ser beneficiarias de axudas como o salario da liberdade e de acceso a vivenda. Porque entendemos que son unha axuda imprescindible para comezar unha nova vida. Hai que lembrar en Galiza, dende 2009 redúcense cada ano as denuncias, tanto en números absolutos en 6.068 en 2009, a 5.153 en 2011, como a porcentaxe que supón as denuncias no Estado, do 4,5% en 2009 ao 3,8% en 2011, sen que esta redución se poida achacar a unha redución da incidencia da violencia machista na sociedade galega.

O observatorio de Violencia de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial xa fixo unha seria advertencia: as minguas nos orzamentos son responsables de que moitas mulleres retiren a denuncia, posto que se encontran nunha situación de desprotección tras presentala.

Os poderes públicos non podemos estar á marxe desta problemática, non podemos pechar os ollos e limitarnos a lembrar hoxe as vítimas. Temos que ir máis alá e tomar conciencia de que, en pleno século XXI, a violencia de xénero segue a ser, por desgraza, un dos retos máis difíciles e importantes aos que se enfronta a nosa sociedade. E todas e todos nós estamos implicados. Todas e todos nós temos a obriga de amosar a nosa repulsa, denunciála e mobilizarnos.

Constitúe un dos obxectivos desde a Deputación provincial, reflexionar e afondar na importancia da loita contra a violencia de xénero. Para isto foméntanse medidas de prevención, sensibilización e tratamento integral e protección das persoas vítimas da violencia de xénero, así como da súa reinserción laboral unha vez detectada a situación que as precise.

É por isto os membros desta Excma. Deputación provincial manifestamos a nosa contundente repulsa a estes actos violentos e a nosa máis firme condena aos que os acometen.

Gardamos un minuto de silencio polas vítimas.

1.-APROBAR A ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 10/12, DO 26 DE OUTUBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 10/12, do 26 de outubro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 16.801 Á 18.900, DE 2012.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 16.801 á nº 18.900, de 2012.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE NOMEA VICEPRESIDENTA DA DEPUTACIÓN A D^a MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ.

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 18.754, do 8.11.2012, pola que se nomea vicepresidenta da Deputación a D^a María Padín Fernández.

4.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 19.016 DO 13 DE NOVEMBRO E DA Nº 16.071, DO 5 DE SETEMBRO DE 2011.

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 19.016, do 13.11.2012, e da nº 16.071, do 05.09.2011 sobre delegación de sinatura de expedientes dos servizos tributarios.

5.-PROPOSTA DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DO MES DE DECEMBRO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao duodécimo mes de 2012 celebrárase o día 21 de decembro, venres, a partir das doce horas”.

6.-NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN EN ORGANISMOS VARIOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Nomear como representantes da Corporación, por renuncia dos deputados provinciais dona María Dolores Faraldo Botana e don José Santiago Freire Abeijón, os deputados que se indican nos organismos que deseguido se relacionan:

AFIGAL (SOCIEDADE DE GARANTÍA RECÍPROCA-AFIANZAMENTO DE GALICIA)

D. Antonio Cañas Varela.

COMISIÓN DE PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN DE INVESTIMENTOS INEM-CORPORACIÓN LOCAIS

D. Antonio Cañas Varela.

CONSORCIO AUDIOVISUAL DE GALICIA

Dona María Elvira Padín Fernández.

FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC)

Vicepresidenta, Dna. María Elvira Padín Fernández por renuncia de Dna. María Dolores Faraldo Botana

GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL

ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO RÍA MUROS-NOIA

D. Carlos Enrique López Crespo.

ASOCIACIÓN EUROEUME

D. Jacobo Fernández García.

TERRA DAS MARIÑAS

D. Jacobo Fernández García.

PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME (Xunta Reitora)

D. Jacobo Fernández García.

COMISIÓN PROVINCIAL DE COLABORACIÓN DO ESTADO COAS CORPORACIÓN LOCAIS

D. Antonio Cañas Varela.

Os deputados nomeados polo presente acordo informarán o funcionamento dos organismos nos que participan en representación da Deputación, así como sobre a súa propia actividade no seo deles, sempre que sexan requiridos polo Pleno, polo presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico.”

7.-ACTUALIZACIÓN DA IDENTIDADE VISUAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA: APROBACIÓN DO REGULAMENTO.

INTERVENCIONS

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Neste punto, o Grupo Socialista pediría a retirada deste punto da orde do día, no caso de que non se retirase, o noso voto sería negativo. E dicímolo porque non entendemos que exista a necesidade de cambiar a marca e o logotipo da Deputación, mesmo non está nin xustificado na proposta que se fai. Na proposta que se fai para a súa modificación dise, e leo textualmente “Tras o tempo transcorrido puxéronse de manifesto varios problemas, os máis destacables son en primeiro lugar o uso indiferenciado do escudo da marca sen criterio establecido, en segundo lugar o uso indistinto de diferentes versións da marca, que non sempre se axustan ao deseño inicial, en terceiro lugar o uso de marcas gráficas propias por parte de centros dependentes da Deputación, e mesmo para a identificación de proxectos ou plans singulares elaborados polos servizos xerais da Deputación. É necesaria a actualización da identidade visual da institución mediante unha regulación dos símbolos gráficos que permitan estandarizar o seu uso e eliminar a confusión

que produce na relación coa cidadanía”. Nós entendemos que se hai problemas de confusión, que se regularice o seu uso, pero aquí o que se está aprobando é unha nova identidade corporativa, a identidade corporativa está composta polo escudo, que se mantén, e pola marca, que comprende o símbolo e os logotipos corporativos, non hai ningunha necesidade obxectiva de cambiar os símbolos identificativos da Deputación, e isto vai orixinar graves prexuízos económicos, porque haberá que cambiar todos os sinais nas estradas, os puntos quilométricos, as estradas, a sinalética da Deputación, os nomes das persoas que están a traballar nun despacho, que pon o cargo e o nome cun fondo verde, e eu creo, ou cremos no Grupo Socialista, que á parte de que non existe ningunha razón obxectiva que obrigue a cambiar isto, se neste orzamento se pediu un esforzo importante aos funcionarios desta casa, rebaixa de horas extras, rebaixa do tema de reclasificación, se se lles pediu un esforzo importante para recortar todo o que sexa innecesario ou non xustificable nestes momentos de crise nas distintas unidades administrativas, e rebáixanse os gastos correntes, creo que non podemos dar o exemplo nós de aprobar algo que é innecesario, que é superfluo, e que vai orixinar un gasto que non ten xustificación. Por iso, Sr. Presidente, pedímoslle que quede sobre a mesa este asunto, xa se abordará se hai que abordalo máis adiante noutra situación económica, e caso de que non sexa posible, o noso voto sería negativo.

Sr. Ruiz Rivas

Sr. Presidente, Sres. Deputados. Decía o Sr. Portavoz do Grupo Socialista que non existían causas obxectivas, e con todo, cando mirou o informe da Presidencia, nomeou bastantes das causas obxectivas que basicamente son o que dan lugar a ese cambio de regulamento, a ese cambio de uso. Como ben saben as súas señorías, o que é o logotipo distínguese do escudo, o escudo existe desde o ano 63, e non se cambia en absoluto, tampouco se cambian o que son os seus distintivos, é dicir, tanto a torre como a coroa, como o propio escudo, pero aquí fixéronse referencia a unha serie, digamos, de usos indebidos dese logotipo. Por tanto, o primeiro que tiñamos que facer era un regulamento, desde a súa elaboración ata o seu uso, e que a imaxe corporativa desta Deputación se utilizara de forma debida. Se digo que había diversos logotipos, alguén pode entender, no canto de haber un logotipo, para a xente, para os nosos cidadáns, podían entender que había máis dun, e por tanto creo que era necesario, en primeiro lugar aprobar ese regulamento, para que exista só un, e aproveitar ese momento para actualizar un logotipo que xa ten preto de 20 anos, que se fixo nun momento que é moi diferente ao actual no uso do que son esta serie de marcas, a influencia que teñen as redes sociais, internet, outro tipo de cuestións que fan bastante máis acorde esa actualización, e faise, eu creo, que respectando o que veñen ser, como antes dicía, os valores básicos desta institución, como é a coroa, como é o escudo, como é a torre, e faise tamén utilizando cores máis acordes co que é a propia institución, co que é o noso país Galicia, eu creo que ninguén pode pensar que é máis acorde unha cor verde, que unha cor azul nese distintivo, e que por tanto consideramos que o feito de cambiar directamente o regulamento levaba a unha actualización dese logo unificando, e tamén modernizando, aproveitar a ocasión para facelo máis moderno.

E, por último, aínda que a un lle caeron os papeis, cre que non os perdeu, e cando se aproba por parte do presidente todo o tema relativo ao cambio, hai dúas disposicións transitorias que son as básicas, unha ten que ver co uso do logotipo na imprenta, mentres haxa elementos que se poidan utilizar co logotipo anterior, vanse seguir utilizando, por tanto non hai ningún incremento de custo en ningún momento, cando sexa necesario, xa se actualizará, e da mesma maneira, no que son as dependencias, cando haxa que facer algún tipo de cambio, de obra, polo seu estado, pola súa reparación, conservación, etc., paulatinamente irase cambiando. Por tanto, as repercusións económicas deste último aspecto van diferirse no tempo e, ademais, van ser mínimas. Por tanto, Sr. presidente, o noso grupo vai aprobar este punto porque consideramos que a consecuencia lóxica de aprobar ese regulamento de uso era tamén a actualización dun logotipo que segue tendo os acenos identificativos da provincia e, por tanto, esas son as razóns para aprobalo.

Vótase que o punto quede sobre a mesa

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 17 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

A continuación vótase o ditame da Comisión:

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)

Votan en contra: 9 deputados (PSOE)

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar inicialmente o regulamento de actualización da identidade visual da Deputación Provincial da Coruña, que se transcribe a continuación do punto cuarto.

2º.- Someter o presente acordo a exposición pública durante trinta días para a presentación de reclamacións

3º.- Entender definitivamente adoptado o presente acordo no caso de que non houberse reclamacións, en caso contrario someter a novo acordo plenario para a súa resolución.

4º.- Publicar o contido íntegro do regulamento no Boletín Oficial da Provincia, unha vez aprobado definitivamente, como requisito para a súa entrada en vigor, unha vez transcorridos quince días hábiles a partir da publicación.”

REGULAMENTO DE ACTUALIZACIÓN DA IDENTIDADE VISUAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

CAPÍTULO I.

DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. É obxecto deste regulamento aprobar a identidade corporativa institucional da Deputación Provincial da Coruña e regular o seu uso.
2. As unidades nas que se estrutura a administración provincial axustaranse ao previsto nestas normas no concernente a:
 - a. A elaboración e emisión de documentos, modelos normalizados e material impreso.
 - b. As informacións, publicacións, comunicacións ou calquera tipo de expresión en todo tipo de soportes, incluídos os telemáticos e audiovisuais, así como os carteis ou sinalizacións que elaboren ou utilicen.

CAPÍTULO II.

IDENTIDADE CORPORATIVA.

Artigo 2. Elementos básicos de identidade corporativa.

1. Os elementos básicos da imaxe corporativa institucional da Administración da Deputación Provincial da Coruña son:
 - a. O Escudo da Deputación Provincial da Coruña .
 - b. A Marca constituída polo símbolo e o logotipo corporativos
2. O Escudo, é o aprobado pola Corporación en sesión plenaria de 26 de xaneiro de 1963, reproducido no anexo I

A Marca ten a composición, disposicións e tipografías contidas no anexo II.

3. Para as distintas manifestacións nas que se plasma a actividade da Deputación poderá engadirse a expresión tipográfica do nome das áreas ou os distintos servizos en que se organiza a Deputación, respectando en todo caso a composición, disposicións e tipografías contidas nos anexos.

CAPÍTULO III.

USO DOS ELEMENTOS DE IDENTIDADE CORPORATIVA.

Artigo 3. Réxime de uso dos elementos básicos de identidade.

1. O uso da imaxe corporativa institucional da Deputación Provincial da Coruña é privativo desta, e queda prohibida a súa utilización salvo consentimento expreso.
2. A imaxe corporativa institucional deberá figurar en todos os documentos administrativos e comunicacións de tipo xeral expedidos por cada unha das unidades da Deputación Provincial da Coruña .
3. Sempre que sexa posible, será obrigatoria a utilización, na impresión de papel, de modelos dixitais coa imaxe corporativa institucional.

CAPÍTULO IV.

PAPELERÍA E PUBLICACIÓNS

Artigo 4. Papelería e publicacións

1. Na papelería e publicacións deberá figurar a imaxe corporativa institucional.
2. Nas expresións, informacións e comunicacións que se elaboren en soportes audiovisuais ou telemáticos necesariamente deberá figurar, así mesmo, a imaxe corporativa institucional.

CAPÍTULO V.

PUBLICIDADE E SINALIZACIÓN

Artigo 5. Publicidade institucional.

1. Nos folletos de información ou divulgación en calquera soporte, así como nos anuncios institucionais en prensa, deberá figurar a imaxe corporativa institucional.
2. Os edificios de titularidade provincial, tanto no exterior como no interior, as actuacións en infraestruturas, e as vías provinciais deberán sinalizarse coa imaxe corporativa institucional sen prexuízo da adaptación singular ao patrimonio mediante o desenvolvemento previsto na disposición adicional

CAPÍTULO V.

OUTROS SOPORTES

Artigo 6. Vehículos.

Nos vehículos adscritos aos servizos provinciais deberá figurar a imaxe corporativa institucional.

Artigo 7. Uniformes, artigos de promoción e outros soportes

Dada a variedade dos soportes da indumentaria laboral do persoal ao servizo da Deputación, e a variedade dos artigos de promoción, deberán estar identificados cos elementos da imaxe corporativa que se establezan mediante o desenvolvemento previsto na disposición adicional.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Este regulamento desenvolverase a través do manual de normas de identidade visual corporativa institucional que será aprobado mediante resolución da Presidencia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA.

1. Seguiranse utilizando, ata que se esgoten, as existencias de material impreso anteriores á súa entrada en vigor.
2. Con independencia do establecido no número anterior, a imaxe corporativa institucional aplicarase sempre que se proceda á adquisición, reposición ou reedición de todo elemento que deba exhibila.

DISPOSICIÓN FINAL.

O presente regulamento entrará en vigor unha vez transcorridos quince días hábiles a partir da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia

ANEXO I



ANEXO II
IDENTIFICADOR PRINCIPAL



Deputación
DA CORUÑA

IDENTIFICADOR SECUNDARIO



Deputación
DA CORUÑA

ELEMENTOS DA IDENTIDADE



■ COLOR: PANTONE 3005 EC

□ TIPOGRAFÍA: ALLER - Regular | **Bold** | Light



SIMBOLO

Deputación
DA CORUÑA

LOGOTIPO



Deputación
DA CORUÑA



■ COLOR: PANTONE 3005 EC

□ TIPOGRAFÍA: ALLER - Regular | **Bold** | Light



SIMBOLO

Deputación
DA CORUÑA

LOGOTIPO

COLOR Y TIPOGRAFÍA

COLOR PRINCIPAL		COLOR SECUNDARIO	
	PANTONE 3005 EC C 100 R 0 M 37 G 121 Y 0 B 194 K 0		K 70% C 0 R 112 M 0 G 111 Y 0 B 111 K 70



TIPOGRAFÍA
CORPORATIVA

ALLER - Regular | **Bold** | Light

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZÁÉÍÓÚ abcdefghijklmñopqrstuvwxyzáéíóú
1234567890.:;,-_!¿?="·\$%&/()@#+Ç{}<>

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZÁÉÍÓÚ abcdefghijklmñopqrstuvwxyzáéíóú
1234567890.:;,-_!¿?="·\$%&/()@#+Ç{}<>

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZÁÉÍÓÚ abcdefghijklmñopqrstuvwxyzáéíóú
1234567890.:;,-_!¿?="·\$%&/()@#+Ç{}<>



TIPOGRAFÍA
COMPLEMENTARIA

MYRIAD PRO - Regular | **Bold**

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZÁÉÍÓÚ abcdefghijklmñopqrstuvwxyzáéíóú
1234567890.:;,-_!¿?="·\$%&/()@#+Ç{}<>

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZÁÉÍÓÚ abcdefghijklmñopqrstuvwxyzáéíóú
1234567890.:;,-_!¿?="·\$%&/()@#+Ç{}<>

8.-MODIFICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o acordo da Comisión Negociadora do convenio colectivo do persoal laboral que figura a continuación:

“I-1º) As retribucións do persoal das zonas recadatorias da área tributaria da Deputación entendendo como tales os postos de traballo de recadador-xefe de Zona, oficial maior, oficial 1ª e oficial 2ª, modificaranse contemplando o seguinte acordo: as retribucións individuais de cada posto estarán integradas polas retribucións básicas, as complementarias e un sobresoldo especial de produtividade por posto; manteranse os importes das actuais retribucións básicas

para cada posto; o persoal terá dereito á percepción de trienios por antigüidade, computándose os trienios na cantidade que consta na vixente normativa laboral ou a que poida establecerse en adiante para os grupos e postos indicados, e dita antigüidade será polo total que tivesen recoñecida no extinguido Servizo de Recadación de Contribucións da Deputación Provincial máis a que corresponda desde a data do primeiro contrato como persoal laboral desta Deputación (que se vaia acumulando na prestación dos novos traballos); incorporarse a cada posto como complemento a especial dedicación en atención á súa especial dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade e penosidade; o factor de "especial dedicación" afectará os singulares postos das zonas recatorias da área tributaria por considerarse que han de exercer a súa actividade cunha dedicación superior á normal, unha dispoñibilidade que imposibilitará aos ocupantes dos mencionados destinos para o desenvolvemento doutro posto de traballo no sector público ou privado; o devandito factor de "especial dedicación" comportará necesariamente: a) a imposibilidade de exercer calquera actividade pola cal se perciba retribución, tanto no sector público, como no privado, susceptible de ser declarada compatible ou incompatible ao amparo da lexislación vixente en cada momento; b) a realización dunha xornada laboral de 40 horas semanais e a non percepción de cantidades en concepto de gratificacións por traballos extraordinarios, nin horas extraordinarias, e c) a libre dispoñibilidade. A contía do factor de especial dedicación será do 30% das retribucións totais do posto de traballo, excluindo o citado sobresoldo especial de produtividade do posto. O sobresoldo especial de produtividade (SEP) terá un máximo individual e diferente para cada posto das zonas recatorias, quedando establecidos os devanditos máximos individuais para o exercicio 2013 nas seguintes cantidades: para o posto de recador en 25.000 euros, para o posto de oficial maior en 18.000 euros, para o posto de oficial primeira en 16.000 euros e para o posto de oficial segunda en 14.000 euros. As contías actualizaranse anualmente en base ao que estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado en relación ás retribucións dos empregados públicos.

2º) O importe total do sobresoldo especial de produtividade (SEP), obterase do cálculo da porcentaxe de xestión executiva (PXE) resultante o 31 de decembro de cada exercicio. A devandita PXE obterase do importe total de cobranzas e baixas do exercicio correspondente en relación ao importe do cargo bruto total en executiva do exercicio nas zonas recatorias, de acordo coas seguintes consideracións:

1) O cargo bruto total (CBT) en executiva componse dos seguintes factores:

a) O pendente inicial o 1 de xaneiro do exercicio, en executiva.

b) Os importes pendentes, unha vez finalizados os distintos períodos voluntarios de padróns do exercicio, que pasan por tanto ao período executivo.

c) As liquidacións e autoliquidacións, que unha vez finalizado o seu correspondente período voluntario, comezan o seu período executivo.

d) Os cargos externos, é dicir, aqueles nos que a Deputación comece a súa xestión en período executivo.

e) Por tanto, para efectos de cálculo, entenderase por cargo total de executiva en zonas, a suma do pendente do exercicio anterior máis os cargos efectuados no ano, non contabilizándose nada dos valores cargados a partir do 1 de setembro de cada exercicio, que pasarán ao seguinte.

2) O total xestionado (TX), que é o importe total de cobranzas e baixas polos distintos motivos previstos na normativa e circulares de aplicación, ambos en executiva obtidos durante o exercicio. No importe das baixas computaranse as cantidades que por procedementos administrativos ou xurisdicionais se atopen en situación de suspensión para estes efectos computarán como xestión os concursos de acredores, liquidacións paralizadas por recursos, aprazamentos, fraccionamentos, etc., así como aquelas propostas de baixa realizadas polas Zonas Recadatorias e informadas pola Tesourería e que a final de exercicio figuren pendentes de informe, resolución ou confirmación polos servizos correspondentes. Tamén terán a consideración de baixas aqueles recibos ou liquidacións pendentes en executiva que, a xuízo da Tesourería, e tras proposta razoada das Zonas Recadatorias afectadas polas circunstancias excepcionais que poidan concorrer sexa especialmente dificultosa a súa xestión pola recadación executiva por razóns totalmente alleas aos servizos recadatorios. Non procederá a súa incorporación como cargos, para aos efectos do cálculo do SEP, os cargos extemporáneos por novas delegacións e os expedientes cuxa execución non proceda pola súa natureza ou repercusión, que para os devanditos efectos terán a consideración de circunstancias extraordinarias, entre outras que tamén puidesen xurdir, previos os oportunos informes e cualificación pola Tesourería Provincial.

3) A fórmula para a obtención da devandita porcentaxe, cos criterios anteriormente apuntados, sería a seguinte: $PXE = TX / CBT * 100$.

Para poder percibir o sobresoldo especial de produtividade a PXE terá que ser como mínimo dun 30%. Se a PXE chegase ao 55%, salvo obviamente que non se chegase á devandita porcentaxe porque concorren circunstancias extraordinarias alleas á xestión recadatoria, o persoal das zonas recadatorias percibiría o máximo previsto para cada posto no apartado 1º.

No caso de que a PXE oscilase entre o 30% e o 55% o devandito persoal percibiría para cada posto, a parte proporcional das cantidades máximas descritas dese SEP de acordo á porcentaxe efectivamente obtida.

Todo o persoal laboral das zonas recadatorias participará na percepción do sobresoldo en proporción ao tempo anual efectivamente traballado, descontando o tempo non traballado, e, no caso do persoal temporal, tendo en conta para iso a duración dos seus contratos.

En caso de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral o persoal das Zonas Recatorias non recibirá a parte proporcional do sobresoldo especial de produtividade, pero recibirá as retribucións que lle correspondan de acordo á normativa vixente.

No caso exclusivo dos traballadores que actualmente desempeñan o posto de recadores xefes de Zona, para os exercicios 2013, 2014 e 2015, se a PXE alcanzase o 60%, estes terían dereito ademais a un importe adicional de sobresoldo de produtividade, de 10.000 euros cada un deles, que incrementaría o importe máximo descrito. Este acordo que, afectaría só aos devanditos traballadores, será revisable a partir do devandito exercicio 2015.

Sempre que a normativa legal vixente o permita, a Deputación manterá o número de efectivos, así como as actuais prazas e postos de traballo, destinados ás tarefas de recadación executiva nas zonas recatorias, efectuando as provisións correspondentes en caso de xubilación, baixas superiores a 15 días, etc. O incumprimento superior a tres meses deste apartado será contemplado como unha circunstancia extraordinaria que debería ser informada pola Tesourería Provincial en base ao contemplado respecto diso no apartado 2.2.

O SEP retribuirase mensualmente referenciado ao resultado obtido no exercicio anterior, realizando os axustes necesarios no primeiro mes do exercicio seguinte ou, de resultar imposible, percibirase en función dos últimos resultados coñecidos ata a concreción do resultado do exercicio anterior, regularizándose ao mes seguinte en que se practique a liquidación aos concellos, tanto se se trata dunha liquidación provisional como definitiva.

Se algún empregado dos participantes no SEP, ofrecese un rendemento inferior ao normal para a súa responsabilidade e posto de traballo, a proposta da Tesourería ou vicetesoureira e despois de informe motivado e xustificado documentalmente do xefe do Servizo de Recadación e/ou do recador xefe de Zona correspondente, poderá reducirse ou anularse a percepción do sobresoldo de produtividade.

O presente acordo entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, e será incorporado ao texto definitivo do Convenio colectivo do persoal laboral da Deputación da Coruña, pasando nese momento a ter a vixencia marcada no propio convenio colectivo.

II- Aprobar ás táboas salariais do persoal laboral para o ano 2013 que figura a continuación:

PT	N	G/SG	TP	FP	ADM	E/SU B	T	FE	OB	SB	CD	CE	PE (2)	TM	TA
Unidade: Imprenta Provincial: Boletín Oficial															
Responsable fotocomposición	22	C/C1	III.1.A	C			3			720,02	509,84	674,64	1.806,78	1.904,50	26.467,56
Responsable fotorreproducción, impresión e manipulado	22	C/C1	III.1.A	C			3			720,02	509,84	674,64	1.806,78	1.904,50	26.467,56
Responsable edición e deseño gráfico	22	C/C1	III.1.A	C			3			720,02	509,84	674,64	1.806,78	1.904,50	26.467,56
Oficial imprenta FP	19	C/C1	III.3	C			3			720,02	417,25	474,27	1.513,82	1.611,54	22.366,12

Corrector/a FP 2	19	C/C1	III.3	C			3			720,02	417,25	474,27	1.513,82	1.611,54	22.366,12
Gravador/a texto	16	C/C2	IV.2	C			4			599,25	349,93	649,18	1.592,90	1.598,36	22.366,12
Impresor/a	16	C/C2	IV.2	C			4			599,25	349,93	649,18	1.592,90	1.598,36	22.366,12
Oficial industrial	16	C/C2	IV.2	C			4			599,25	349,93	649,18	1.592,90	1.598,36	22.366,12
Operaria/o auxiliar servizos imprenta	16	C/C2	IV.6	C			4			599,25	349,93	410,39	1.354,11	1.359,57	19.023,06
Operaria/o auxiliar servizos almacén	16	C/C2	IV.6	C			4			599,25	349,93	410,39	1.354,11	1.359,57	19.023,06
Unidade: Fogar Infantil Emilio Romay															
Cociñeira/o	15	C/C2	IV.5	C			4		Festividade. Quendas	599,25	327,44	826,49	1.747,72	1.753,18	24.533,60
Axudante/a cocifa	13	E/AP	V.6	C			5		Festividade. Quendas	548,47	294,42	800,12	1.643,01	1.643,01	23.002,14
Celador/a	14	E/AP	V.7	C			5		Festividade. Quendas	548,47	317,85	755,33	1.621,65	1.621,65	22.703,10
Operaria/o servizos varios	13	E/AP	V.10	C			5			548,47	294,42	347,55	1.190,44	1.190,44	16.666,16
Unidade: Fogar Infantil Ferrol															
Director/a	22	A/A1	I.3	C			1		Especial dedicación. Habilitación anticipos caixa fixa	1.109,05	509,84	1.440,10	2.634,30	3.058,99	41.976,48
Cociñeira/o	15	C/C2	IV.5	C			4		Quendas	599,25	327,44	679,44	1.600,67	1.606,13	22.474,90
Encargada/o portería	13	E/AP	V.3	C			5		Quendas	548,47	294,42	673,26	1.516,15	1.516,15	21.226,10
Celador/a	14	E/AP	V.7	C			5		Quendas	548,47	317,85	602,61	1.468,93	1.468,93	20.565,02
Operaria/o servizos varios	13	E/AP	V.10	C			5			548,47	294,42	347,55	1.190,44	1.190,44	16.666,16
Unidade: IES Rafael Puga Ramón															
Profesor/a ensino secundario	24	A/A1	I.2	C			1		Licenciada /o especialid ade ou equivalent e para efectos docencia	1.109,05	582,92	533,67	1.800,95	2.225,64	30.309,58
Moza/o servizo axudante	13	E/AP	V.2	C			5		Quendas	548,47	294,42	797,45	1.487,63	1.640,34	22.659,34
Unidade: Conservatorio Profesional de Danza															
Operaria/o auxiliar servizos Conservatorio Danza	16	C/C2	IV.6	C			4			599,25	349,93	410,39	1.354,11	1.359,57	19.023,06
Unidade: Centro Residencial Docente Calvo Sotelo															
Cociñeira/o	15	C/C2	IV.5	C			4		Festividade. Quendas	599,25	327,44	826,49	1.747,72	1.753,18	24.533,60
Operaria/o servizos varios	13	E/AP	V.10	C			5			548,47	294,42	347,55	1.190,44	1.190,44	16.666,16
Axudante/a cocifa	13	E/AP	V.6	C			5		Festividade Quendas	548,47	294,42	800,12	1.643,01	1.643,01	23.002,14
Unidade: Servizos xerais Centro Educativo Calvo Sotelo															
ATS/DUE	21	A/A2	II.3	C			2			958,98	473,35	553,12	1.725,85	1.985,45	27.277,10
Telefonista	13	E/AP	V.5	C			5		Quendas	548,47	294,42	651,82	1.494,71	1.494,71	20.925,94
Ordenanza	13	E/AP	V.8	C			5		PP Nocturnidad e	548,47	294,42	431,16	1.274,05	1.274,05	17.836,70
Ordenanza	13	E/AP	V.8	C			5		Quendas	548,47	294,42	545,30	1.388,19	1.388,19	19.434,66

Unidade: Enxeñaría e Mantemento																	
Técnica/o de son	16	C/C2	IV.3	C				4		599,25	349,93	565,86	1.509,58	1.515,04	21.199,64		
Oficial operario/a servizos	16	C/C2	IV.3	C				4	Dispoñibilidade festivos	599,25	349,93	675,33	1.619,05	1.624,51	22.732,22		
Oficial carpintería	15	C/C2	IV.4	C				4		599,25	327,44	543,09	1.464,32	1.469,78	20.566,00		
Oficial mantemento	15	C/C2	IV.4	C				4		599,25	327,44	543,09	1.464,32	1.469,78	20.566,00		
Operaria/o agrícola encargada/o	13	E/AP	V.6	C				5	Explotación Agrícola. En extinción	548,47	294,42	494,68	1.337,57	1.337,57	18.725,98		
Operaria/o agrícola peón	13	E/AP	V.9	C				5	Explotación Agrícola. En extinción	548,47	294,42	396,75	1.239,64	1.239,64	17.354,96		
Unidade: Biblioteca Provincial																	
Axudante arquivo- Biblioteca	21	A/A2	II.3	C				2		958,98	473,35	533,67	1.706,40	1.966,00	27.004,80		
Administrativa/o	19	C/C1	III.3	C				3		720,02	417,25	454,59	1.494,14	1.591,86	22.090,60		
Subalterna/o	13	E/AP	V.8	C				5		548,47	294,42	392,59	1.235,48	1.235,48	17.296,72		
Subalterna/o	13	E/AP	V.8	C				5	Quendas	548,47	294,42	545,30	1.388,19	1.388,19	19.434,66		
Operaria/o auxiliar servizos biblioteca	16	C/C2	IV.6	C				4		599,25	349,93	410,39	1.354,11	1.359,57	19.023,06		
Unidade: Pazo de Mariñán																	
Gobernanta/e	20	C/C1	III.1.B	C				3	Residencia cultural. Quendas	720,02	439,70	749,37	1.811,37	1.909,09	26.531,82		
Cociñeira/o	15	C/C2	IV.5	C				4	Residencia cultural	599,25	327,44	533,37	1.454,60	1.460,06	20.429,92		
Axudante/a cociña	13	E/AP	V.6	C				5	Quendas	548,47	294,42	647,40	1.490,29	1.490,29	20.864,06		
Unidade: Servizo de Vías e Obras																	
Auxiliar técnica/o topografía	16	C/C2	IV.6	C				4	Especial dedicación	599,25	349,93	813,03	1.756,75	1.762,21	24.660,02		
Unidade: Servizo Provincial de Recadación																	
Recadador/a	24	A/A1	I.1	C				1	Especial dedicación	1.109,05	582,92	1.557,55	2.824,83	3.249,52	44.643,90		
Oficial recadación maior	20	C/C1	III.1.B	C				3	Especial dedicación	720,02	439,70	1.127,41	2.189,41	2.287,13	31.824,38		
Oficial 1ª recadación	19	C/C1	III.3	C				3	Especial dedicación	720,02	417,25	927,96	1.967,51	2.065,23	28.717,78		
Oficial 2ª recadación	17	C/C1	III.4	C				3	Especial dedicación	720,02	372,33	914,48	1.909,11	2.006,83	27.900,18		

PT = Posto de traballo
N = Nivel
G/SG = Grupo/Subgrupo
DOT = Dotación
TP = Tipo de posto
FP = Forma de provisión
ADM = Administración
E/SUB = Escala/Subescala
T = Titulación
FE = Formación específica

Titulacións:
1 = Licenciatura universitaria
2 = Diplomatura universitaria ou equivalente
3 = Bacharel, Formación Profesional de 2º grao ou equivalente
4 = Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º grao ou equivalente
5 = Certificado de escolaridade

OB =	Observacións
SB =	Soldo base
CD =	Complemento Destino
CE =	Complemento Específico
TM =	Total retribucións mensuais
PE (2) =	Pagas Extraordinarias (2 anuais)
TA =	Total retribucións anuais"

9.-APROBAR O CADRO DE PERSOAL E A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO. ANO 2013.

INTERVENCIÓNS

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, para anunciar o voto de abstención ao punto número 9, nós estamos a favor, e votariamos a favor do cadro de persoal ou RPT da Deputación, ademais está negociado cos sindicatos e votariamos a favor, pero neste acordo hai outra parte que non nos parece moi adecuado mesmo incluila neste punto que é, un acordo que di “Iniciar os trámites necesarios para a elaboración do Plan de emprego 2013-2015”, eu creo que primeiro habería que discutir se é necesario facer un novo Plan de emprego, porque estamos a aplicar un que se acabou de implantar na Deputación hai un ano, se é necesario outro Plan de emprego, pero se fose necesario, tampouco é necesario o acordo do Pleno da Corporación para iniciar os trámites, esa é unha responsabilidade do equipo de goberno, que decide ou non, iniciar os trámites, e unha vez que inicia os trámites trae a este Pleno un novo Plan de emprego.

Por tanto, diferenciamos, se a votación fose exclusivamente para votar a RPT nós votariamos a favor, como este acordo ten outras cousas que non nos parecen razoables, o noso voto será de abstención.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar as seguintes modificacións no persoal e relación de postos de traballo vixentes:

ACTAS, REXISTRO E INFORMACIÓN

- Transformar unha praza e posto de telefonista (grupo E, nivel 13), nunha praza e posto de auxiliar administrativo (grupo C2, nivel 16).
- Incluir no complemento específico dos postos de auxiliar de Administración xeral e administrativo de Administración xeral, o factor de “Transferencia telefónica”.

PARQUE MÓBIL

- Amortizar os postos de xefe do Parque Móbil (C2,18) e subxefe do Parque Móbil (C2,16) e as prazas correspondentes de condutor mecánico e un posto de administrativo de Administración xeral (C1,19), con factor de “habilitación de anticipos de caixa” no complemento específico.
- Crear un posto de Xefatura de Negociado (A2/C1,22) co factor de “habilitación de anticipos de caixa” no complemento específico

IES PUGA RAMÓN

- Incorporar o factor de quendas aos postos seguintes: -funcionarios : 1 posto de subalterno- celador (E,13) e outro de subalterno(E,13); - laborais, 1 mozo de servizo axudante (V.2).

PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

- Transformar unha praza e posto de técnico de xestión de Administración xeral (grupo A2, nivel 21) en administrativo de Administración xeral (C1,19).

PERSOAL LABORAL

Propónse a adaptación dos conceptos retributivos aos establecidos para os funcionarios públicos, é dicir, soldo base, complemento de destino e complemento específico, onde se incluírán os factores que procedan. A antigüidade computarase por trienios na cantidade que consta na vixente normativa laboral.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE CONFEDERACIÓN GALEGA DE MINUSVÁLIDOS (COGAMI) PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA SÚADE 2012-2013.

A Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Ramón Sestayo Lestón presidente da Entidade Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI)

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI) ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI), con CIF G15077845, para o financiamento do Programa de promoción da saúde 2012-2013.

II.-ORZAMENTOS DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

	CONCEPTO	Nº UNIDADES	PREZO UNITARIO	IMPORTE
1.GASTOS DE PERSOAL	1.1. Soldos e salarios	1	18.246,06	7.194,72 €
	1.2. Seguridade Social a cargo da entidade	1	727,47	485,53 €
2.GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	2.4. Servizos exteriores			
	Natación terapéutica-Acuoterapia	1	6.628,00	6.628,00 €
	Logopedia	1	8.800,00	8.800,00 €
	Fisioterapia	1	5.000,00	5.172,00 €
	Obradoiro de sexualidade	1	2.200,00	2.200,00 €
	2.5. Indemnizacións			26,97 €
	2.6. Material			142,78 €
	2.7. Desprazamentos			600,00 €
TOTAL				31.250,00 €

III.-FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

(Financiamento provincial)

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.000 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicación orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADES	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2012 E 2013	0701/231E/481	25.000,00

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á ENTIDADE BENEFICIARIA que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.-CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA. Non se poderá

contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.-PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

VI.-A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ENTIDADE BENEFICIARIA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII.TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade eco disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación algunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.-CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.-DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistro contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.-CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.-REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.-INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de

Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvención e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.-VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de setembro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro de 2013**.

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de agosto de 2013**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto da modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.-NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias dispostas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día _____ de _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuádruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ENTIDADE

18.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ORDES RELACIONADAS COA RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS E PASAXES PERMANENTES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Ordes en relación coa seguinte materia:

Recadación voluntaria e executiva da taxa pola entrada de vehículos e pasaxes permanentes.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

19.-INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2012, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (BOE Nº 163, DO 6 DE XULLO DE 2010).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Primeiro: Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións

comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das unidades tramitadoras.

Segundo: Dispor que se publique un anuncio na páxina web da Deputación no que se indique que a documentación referenciada no apartado anterior está ao dispor dos interesados para o seu exame e consulta no Servizo de Contabilidade.

Terceiro: Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

20.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DE “FISCALIZACIÓN A POSTERIORI DOS RECURSOS PROPIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2011”.

Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización posterior das liquidacións relativas a diversos conceptos correspondentes ao presuposto de ingresos efectuadas durante o exercicio 2011, na aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da lei das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 33.2 das Bases de execución do Orzamento do exercicio 2011 e da Resolución da Presidencia núm. 20.744/2002 do 28 de decembro modificada pola Resolución núm. 10.157/2007 do 14 de xuño, pola que se establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

Quedar sabedores do devandito informe resumo, que conclúen que os actos de xestión tributaria revisados non presentan ningunha eiva de importancia e axústanse ao ordenamento tributario de aplicación.

21.-APROBAR O EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 6/2012.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 6/2012 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe de 3.453.173,32 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	268.700,43
SC. Suplemento créditos:	3.184.472,89
Total de aumentos:	3.453.173,32

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

BA. Baixas de crédito noutras aplicacións:	1.358.274,89
MI. Maiores Ingresos:	2.094.898,43
Total financiamento:	3.453.173,32

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	0,00	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Transferencias correntes	1.330.765,94	0,00
6. Investimentos reais	400.000,00	400.000,00
7. Transferencias de capital	1.222.407,38	958.274,89
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	500.000,00	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	3.453.173,32	1.358.274,89

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	500.000,00
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	1.594.898,43
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	2.094.898,43

2.-Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.”

22.-APROBAR O ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2013.

INTERVENCÍONS

Sr. Secretario

A este punto tamén hai unha emenda

Sr. Presidente

Se lles parece aprobamos primeiro a emenda, paréceme que teñen coñecemento dela, é por un motivo tamén de publicación hai escasos días no BOE dunhas indicacións, que se tiveron que axustar no orzamento, votamos a emenda, e despois entramos no debate do orzamento, posto que non varía para nada.

Vótase a emenda e é aprobada por unanimidade.

Sr. Ruiz Rivas

Se dixese que estes orzamentos son prudentes, son realistas, están pensados en satisfacer as necesidades propias da Deputación e de todos aqueles aos que temos a obrigaón de servir os concellos e os cidadáns da provincia, posiblemente non estaría a dicir nada que non se diga ano a ano, pero eu creo que isto é unha realidade e é unha realidade, ademais, que repetida durante o tempo ten unhas consecuencias, á fin e ao cabo, positivas. Eu creo que os esforzos que a Deputación provincial fixo nestes dous últimos anos de cara a conter o gasto corrente, de cara a tomar medidas de austeridade, de cara a outra serie de medidas como a amortización anticipada das nosas débedas, fan que o escenario orzamentario do ano 2013 sexa inmensamente mellor que o que era no ano 2012. Froito diso podemos estar a dicir que este orzamento vai subir con respecto ao do ano anterior en preto de 20 millóns de euros, alcanzando a cifra de 156.690.800 euros, cun incremento do 14,37, e creo que van ser uns orzamentos que van permitir dar ese segundo paso que era necesario, a austeridade é necesaria, non gastar máis do que se ten é necesario, o aprender a saber facer máis con menos é necesario, pero ese segundo paso é o paso do crecemento, o paso de que, por vía dos orzamentos, se poida empezar a dar as firmes raíces para que sexa un crecemento sustentable e duradeiro no tempo. Por iso nós pensamos que todas esas medidas que se tomaron hoxe en día empezan a dar os seus froitos, froitos que esperamos que poidan tamén outras administracións levar adiante.

Tampouco se dixese que son históricos, diría nada novo, con respecto ao que se escoita en calquera presentación orzamentaria, pero creo que hai algún elemento que si permite que se diferencien doutros que se presentaron nesta casa durante moitos anos, e esa é nin máis nin menos a situación do que é a débeda e a carga financeira da Deputación.

A finais deste ano será, en termos absolutos e relativos, a menor da historia desta institución, cun 28% dos recursos, cando saben que a lei permite ata o 110, cunha débeda absoluta de 46 millóns de euros, cando estamos a falar dun orzamento anual que supera os 156, pero tamén no que se refire á carga financeira temos unha rebaixa con respecto ao ano 2012 de case un 70%, en concreto do 67,44%, o que significa que este ano imos pagar 560.000 euros ao ano, cunha rebaixa de 1,2 millóns de euros, con respecto ao ano anterior. Se a iso unimos que, por primeira vez tamén nos últimos anos, cumprimos coa Lei de estabilidade, que nesta casa se segue pagando e pagando pronto, que esta casa tamén blinda o que para nós é unha liña que non debemos de exceder como son os servizos sociais, nos cales xa lembro que o ano pasado, nun escenario dunha rebaixa de máis de 30 millóns de euros no noso orzamento anual fomos capaces de subilos, este ano vólvense subir en máis de 500.000 euros, para un total de 26 millóns, dos cales 9,6 van directamente aos concellos, asumindo integramente gastos no que só faciamos nun 60- 65%, como era a teleasistencia e que serve a máis de 1.500 coruñeses.

No capítulo de ingresos, e resumindo, creo que este ano temos unha vantaxe con respecto ao ano anterior, que é que os Orzamentos do Estado sabemos cales son as súas previsións, os Orzamentos do Estado están presentados e tamén sabemos de primeira man cales van ser os ingresos que o Estado transfira a esta institución, e o resto son, nin máis nin menos que a extrapolación a un ano do que foron as liquidacións de ingresos dos nove primeiros meses. Sendo isto así, creo que é necesario explicar por partidas o gasto, para ter unha imaxe de conxunto de todo este orzamento.

O persoal séguese reducindo o seu peso en termos relativos de 4 puntos, é unha baixada do 0,8 tamén que supón 300.000 euros, ademais faise un esforzo importante no descenso do que son os traballos singulares, do que son as horas extraordinarias, para primar basicamente o que é a produtividade.

O gasto corrente segue sendo unha das materias que esta Deputación provincial, este goberno, quere ir aprobando ano tras ano, xa se rebaixou substancialmente en 2012 e este ano, a pesar do que é a actualización dalgún contrato, a pesar do que é o 3%, tres puntos que subiu o IVE, podemos dicir que hai unha baixada deste gasto corrente no 3%. Como dicía, no capítulo III, como consecuencia das amortizacións anticipadas hai un descenso de 1.200.000 euros, e no capítulo IV, que hai un pequeno incremento, como ben sabe, ten que ver coa consignación do POS, que o faga integramente xa no orzamento inicial a Deputación, e que ademais se conteñan o que son o servizos mínimos obrigatorios dos concellos, dotado en 14,5 millóns de euros.

E podíamos, como outra das características importantes deste orzamento dicir que son investidores, se aumentamos tres veces o que é o investimento do ano 2012, se estamos a falar de que ese incremento é de 17 millóns de euros, poderán vostedes coincidir comigo en que realmente o esforzo do gasto leva ás partidas de investimento cun total de 29 millóns,

dos cales, volvo repetir, 17 millóns son de incremento deste ano 2013, así se incrementan os plans de conservación, o Plan de vías, o Plan de sendas, ou o Plan de travesías. Tamén se crea o fondo de continxencia, que vía esa emenda que aprobamos todos os grupos, pasa dese capítulo VI ao capítulo V.

E, por último, o que son as transferencias correntes que tamén descenden, e descenden basicamente por estar a finalizar o que é o Plan director do comercio do Barbanza, que este ano vén dotado con menos orzamento, e tamén ao finalizar o Plan de cooperación cos concellos de menos de 20.000 habitantes. Por último, no capítulo IX vólvese prever 1.500.000 euros para amortización anticipada.

Por tanto, se os orzamentos poden ser unha luz que outras administracións vexan, que os nosos cidadáns vexan, para empezar a superar esta crise, diremos que pasamos e damos un novo paso, a austeridade está ben, pero a austeridade non é un obxectivo en si, senón que é un paso para que as nosas contas estean saneadas e froito dese saneamento poidamos volver medrar, se medramos un 14%, se o noso investimento medra como antes dicía, nesa importante cantidade de millóns, creo que estamos a afianzar a economía da nosa provincia, e por tanto, solicito o apoio de todos os grupos a este orzamento. Nada máis, grazas, Sr. Presidente.

Sr. Regueira Varela

Bos días a todos e a todas. Unha vez máis expresamos o agradecemento do Grupo Provincial do BNG aos servizos técnicos desta administración polo esforzo que cada ano fan para que a Deputación poida presentar o documento orzamentario a debate, e por facilitar o traballo dos grupos políticos que integramos esta Corporación. Pois ben, aquí temos de novo, por segundo ano consecutivo, o proxecto de orzamentos do Partido Popular para a provincia da Coruña, temos que admitir que melloraron, e temos a completa certeza de que mellorarían un pouco máis se fosen froito do diálogo e da procura dun mínimo consenso. Con isto non queremos dicir que se puidese chegar a un acordo xeral, pero seguramente atopásemos algunha vía para que, cando menos, o noso Grupo non tivese outro remedio que rexeitalos.

Levamos desde o principio do mandato escoitando ofertas de diálogo, de participación, de comisións político-técnicas, de comisións de seguimento, que nunca acaban por formalizarse, non ía ser menos no caso do traballo preparatorio dun proxecto de orzamentos. Diciamos no debate de 2012 que a austeridade non podía ser unha obsesión, porque ese era o camiño máis recto ao desastre. Evidentemente, un ano despois, as políticas decretadas polo Partido Popular deron desgraciadamente o resultado esperado. O momento económico actual é mesmo peor que o do ano pasado, e non se prevé que mellore en 2013. Era unha evidencia que a falta de estímulos desde o sector público e a economía privada, só podía traer máis paro e máis recesión, e así o afirmabamos no debate de orzamentos do ano 2012, hoxe, afortunadamente, xa empezan a saír multitude de voces que declaran fracasadas as políticas de austeridade que vostedes, Sr. Ruiz, defenden. Alí onde se aplicaron, só

beneficiaron á banca e ao capital especulativo, e pola contra ocasionaron un enorme sufrimento e a fractura social que estamos a vivir na actualidade. Miremos onde miremos, e non fai falta ser demasiado observadores, veremos terribles urxencias, grandes dramas, moita dor e, o que é máis preocupante, poucas solucións políticas por parte do Estado, da Xunta de Galicia e, por desgraza, tampouco vemos ningunha relevante desde a Deputación da Coruña.

Non imos facer demagogia culpándoos a vostedes de falta de solucións á crise e á fractura social que estamos a vivir na actualidade, esta non é a administración que debe deseñar as políticas necesarias, nin ten as economías suficientes, nin as competencias, pero temos que facer unha chamada de atención sobre algo que nos debe de preocupar a todos e a todas, se a situación actual é diametralmente diferente á de hai, por non ir máis atrás, un lustro, mesmo menos, non sería necesario cambiar programas e políticas, marcar outras prioridades, estudar outros investimentos, preparar outros plans? É seguramente o momento de repensar se é necesario este modelo de administración, e pensalo dunha vez por todas, igual que é o momento de abordar, dunha vez por todas, a reforma da Lei de financiamento das entidades locais. No BNG témolo absolutamente claro, se facemos un repaso ao proxecto de orzamentos que vostedes presentan, e observámolo coa rutina que habitualmente se observa neste tipo de documentos, podemos caer no erro de analízalo simplemente en función de subidas e recortes. Acábao de expor perfectamente o Sr. Portavoz do Partido Popular, seguramente é a análise que fixemos nun primeiro momento, e dela sacamos conclusións críticas nalgúns casos, e satisfactorias noutros, pero é necesario ler o orzamento desde outro punto de vista, coa dor da xente que sofre, que perde os seus domicilios, que perden os seus postos de traballo, que teñen que enganar aos seus fillos e fillas para que non saiban que van recoller alimentos aos comedores sociais, coa incerteza dos que buscan o seu primeiro emprego, coa desesperación de quen perdeu un emprego de décadas e está na rúa sen saber que facer, das persoas que despois de sacar dúas ou tres licenciaturas están a preparar maletas e tomando o camiño que hai moitos anos tomaron os seus avós e as súas avoas. En definitiva, sería necesario mirar os orzamentos cos ollos da maioría social que sae á rúa a reclamar xustiza e a descargar a súa rabia, seguramente esa sería a lectura máis adecuada neste momento.

En definitiva, como dicía antes, a pesar de ter a perversa amortización da débeda, e a redución do déficit público como obxectivo principal, son sensiblemente mellores que os pasados orzamentos de 2012, aumenta lixeiramente o investimento real, que vai influír positivamente na actividade das empresas, con este orzamento veñen vostedes recoñecer o que dicíamos hai un ano, que era necesario retomar a aposta polo investimento desde o sector público para influír positivamente no sector privado e na economía en xeral, e aínda podería ser maior se o goberno do Sr. Rajoy nos achegase os 3.000.000 de euros que nos corresponden para o POS de 2013. Tamén aumenta lixeiramente o orzamento en políticas sociais, é certo, buscando paliar os enormes recortes que os seus compañeiros da Xunta da Galicia e do Estado español ocasionan ás familias e aos servizos sociais dos concellos, porque non hai que esquecer que os receptores destas axudas son principalmente os

concellos, e que a Deputación só vén substituír o que a Xunta deixa de achegar, nun contexto ademais dunha maior emerxencia social.

Pero non todo son bos datos neste orzamento, a pesar de que recoñecemos que melloran, observamos que se manteñen os recortes aos sectores produtivos, no caso das axudas ás confrarías, hai un retroceso dun 35%, o que demostra que sendo un sector primario dos de maior relevancia na economía da provincia, non ten o mesmo peso nos datos económicos do orzamento, como nos parece tamén moi criticable, que habendo as necesidades que hai na economía, nos concellos e na sociedade, se siga incrementando o gasto de cobertura informativa e propaganda da institución provincial, nin máis nin menos que cunha partida de 700.000 euros, igual que un novo gran recorte ás políticas culturais, tan importantes como as económicas nestes momentos de crise. A clara xenreira que lle teñen vostedes á nosa lingua, ao idioma galego, que por outra banda vostedes teñen a obriga legal de promover, con drásticos recortes nos programas de normalización lingüística, case un 20% este ano, ao que hai engadir o 60% do exercicio anterior. Se definiamos os orzamentos do 2012 como fondamente antigalegos, este novo recorte sobre recorte vai confirmar que seguen vostedes na liña de dismantelar todo aquilo que teña como obxectivo a defensa do noso sinal de identidade máis prezado, o noso idioma, en relación co Plan de emprego aprobado o pasado ano, a xestión temos que admitir que foi un auténtico fracaso, un ano para xestionar un plan de tres meses de duración. Se de verdade teñen vostedes preocupación por crear emprego nos concellos da provincia da Coruña, deben reivindicar inmediatamente da Xunta de Galicia a recuperación do Plan de cooperación cos concellos, así evitaríamos tamén a lamentable imaxe das persoas esperando na porta para asinar os contratos en precario, imaxe que tanto nos lembraba ás imaxes doutras deputacións que non queremos nomear.

En fin, Sr. presidente, o de sempre, para uns o vaso medio cheo, para outros o vaso medio baleiro, pero o que realmente importa neste momento non é se está medio cheo ou medio baleiro o vaso, é se o contido é potable ou tóxico, nós cremos que é simplemente turbio. As políticas necesitan un xiro radical, un xiro social sen precedentes, non vale o que se facía ata agora, a sociedade demanda vacinas para os virus que estenderon os mercados financeiros, os bancos e os evasores de divisas. Non está disposta a soportar que para as persoas se fagan receitas de caridade e para o capital se deseñen políticas que manteñan os seus privilexios e a súa usura. Non lle estamos pedindo legislar, criticamos neste salón de plenos que vostede ten unha auténtica obsesión por establecer novos marcos legais e administrativos máis propios dunha cámara lexislativa que dunha administración local. Non o imos culpar agora de non buscar desde aquí solucións a estes problemas, o que temos que criticarlle é simplemente o inmovilismo das súas políticas, a falta de ideas paliativas para a enfermidade que sofre a sociedade desta provincia, o non cambiar, aínda que sexa temporalmente, políticas de apoio a actividades elitistas por políticas de apoio a emerxencias sociais, se hai que prescindir un ano de concursos hípicas ou de publicidade institucional, prescínlese e non pasa absolutamente nada, se cadra é momento de facer outro tipo de convenios, outro tipo de acordos, outro tipo de políticas, e se cadra é o momento de que esta

administración sexa pioneira noutros ámbitos, de centrar os nosos recursos en políticas activas de emprego, en políticas de axudas ás ONG que traballan para que persoas que quedan sen casa todos os días, teñan un teito onde acubillarse mentres non atopan as axudas necesarias, en políticas que fagan útil esta administración no momento actual, e non un simple aparello burocrático, que obra de memoria, repartindo discrecionalmente fondos.

Sr. presidente, os orzamentos son unha mirada económica ao futuro inmediato, teñen que observar a realidade e buscar solucións, os orzamentos din moito da ideoloxía de quen os diseña, por iso, a pesar de que recoñecemos ver certa melloría, pensamos que esa melloría non reflicte as demandas sociais que a sociedade ten nestes duros momentos, son absolutamente continuistas, de seguir así teremos as administracións públicas máis saneadas de Europa, pero tamén teremos a sociedade máis pobre e con máis desemprego, hai que cambiar as políticas de austeridade, Sr. Portavoz, por políticas de eficacia e de eficiencia. Seguramente a súa xestión desde o punto de vista exclusivamente económico, non sexa mala, posiblemente desde o punto de vista ideolóxico que vostede defende hai xestos que demostran boas intencións, pero é o momento de decidir, Sr. Presidente, e nós decidimos apostar por facer políticas que están ao lado da xente que o precisa, ultimamente dá a impresión de que as persoas temos culpa de todo, tomamos demasiados medicamentos, facémonos maiores e dependentes sen razón, tentamos defendernos demasiadas veces nos Xulgados, compramos pisos por riba das nosas posibilidades, que todo o que se articula a nivel político é para que nos controlemos nos nosos excesos, sabemos que non é así, que o que ten que controlar a administración é o que xustamente está a defender con este tipo de orzamentos, non é a sociedade. Somos fondamente nacionalistas e cremos que as solucións pasan por deseñar políticas autocentradas na nosa realidade, non importadas, somos radicalmente de esquerdas e defendemos a xustiza social fronte aos privilexios dos mercados, entendemos o desenvolvemento económico desde o modelo da economía produtiva, e non especulativa. Dicia Castelao que a vergoña é peor que a fame, nós non queremos avergoñarnos.

Vou rematar coa mesma cita coa que terminei o anterior debate dos Orzamentos o ano pasado, é unha cita de Castelao “O verdadeiro heroísmo está en transformar os desexos en realidades e as ideas en feitos. A loita nobre e leal das ideas é a que asegura o progreso”. Moitas grazas, o noso Grupo non vai apoiar estes Orzamentos.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados. Hoxe sométese a debate e aprobación por este Pleno do proxecto de Orzamentos da Deputación para o ano 2013, elabóranse nun contexto de crise económica, con menos actividade económica, incremento do desemprego, aumento da pobreza e desigualdade, un sentimento de frustración, desesperanza e indignación na sociedade española, e cunhas políticas por parte do goberno que sen solucionar ningún dos problemas, contribúe a agravalos de forma manifesta. É curioso que neste contexto de crise, onde os ingresos públicos diminúen, tanto os vinculados a rendas ao

emprego como á actividade económica, se incrementen as transferencias correntes do Estado a esta Deputación en 31.873.000 euros, o que explica un incremento deste orzamento que se nos presenta para o ano 2013 en 19.692.000 euros con respecto ao orzamento do presente exercicio. Espero que o goberno do Sr. Rajoy non incorra nos erros que lle imputaba ao goberno do Sr. Zapatero, e non estea a esaxerar as previsións de ingresos nos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, o que implicaría novas liquidacións negativas, e a obrigatoriedade de devolver o que agora nos darán de máis en exercicios posteriores, tal como se está facendo polas liquidacións negativas do ano 2008 e do ano 2009.

Sen dúbida, aínda que nos suscite esta reflexión, este dato elimina as incertezas que pesaban na aprobación do orzamento actualmente en vigor, ao que xa fixo referencia o Sr. Ruiz Rivas. En liñas xerais podemos dicir que é un orzamento axustado aos tempos que estamos a vivir e segue unha política orzamentaria iniciada xa polo anterior equipo de goberno, contención do gasto corrente, incremento do gasto produtivo e de investimento como elementos xeradores de actividade económica e emprego, mantemento do gasto social, apelación moderada ao crédito, neste caso moderadísima, pois non se solicita crédito para financiar o orzamento, diminución da débeda viva e da carga financeira para poder continuar cunha política económica sustentable que lle permita a esta Deputación financiar obras e servizos nos concellos da provincia nos próximos anos, nada que non se fixese con anterioridade, pois todo é continuidade do que viña facendo nesta Deputación. E lémbrolle, Sr. Portavoz do Grupo Popular, que o ano 2011, cando o anterior equipo de goberno deixou a Deputación tiñamos a débeda máis baixa, a débeda viva máis baixa e a carga financeira máis baixa, desde o ano 1989, e cumpriu sempre esta Deputación coa Lei de estabilidade orzamentaria.

Políticas que veñen xa do anterior goberno, e que permiten que agora a Deputación teña unha saúde financeira forte que permita financiar o POS, e recordo que hai algunhas deputacións onde non teñen Plan de obras e servizos, que permitiron facer plans de cooperación aos concellos, que permitiron facer plans anticrise, ou agora o DTC para os 94 concellos, mantendo un nivel de tesourería que permita adiantar aos concellos o 90% da recadación, ou o 50% das subvencións e de obras e servizos. Non son moitas as deputacións que poden facer isto, e desde logo, ningunha das galegas.

Son, pois, na nosa opinión, os orzamentos que poden ser, aínda que lles adianto que o noso voto será de abstención, porque a presupostación ten dúas fases, o orzamento preventivo, que agora estamos a discutir, e a liquidación do orzamento, e aínda que lles podemos dar un aprobado na presupostación, dámoslles un suspenso, e grande, en xestión, porque ao longo deste ano en que xestionaron o primeiro orzamento feito por vostedes, a xestión, desde o noso punto de vista, é moi deficiente, e como botón de mostra, pódolle dicir que hai concellos da provincia onde aínda non comezaron os traballos de conservación de vías provinciais, traballos que xa deberían de estar certificados e pagados. Por certo, tamén o pasado martes na Comisión, decatámonos que no canto de reducírense os prazos, o tempo de pago de facturas a provedores está a aumentar, e está hoxe en 36 días, cando en xuño do ano

2011 estaba en 21 días hábiles. Esperamos a liquidación para facer unha valoración completa da ineficacia na xestión deste goberno provincial.

Entrando na análise do proxecto de orzamentos, debemos dicir que é practicamente igual ao do ano 2012, desde o punto de vista de que hai poucas novidades, entre elas a creación do fondo de continxencia por importe de 3.135.000 euros, fondo de continxencia que é unha obriga legal e que esperamos e desexamos que non teña outra función que dotar un expediente de modificación de créditos polos meses de outubro, novembro, para achegar financiamento aos concellos.

Outra novidade é a non apelación ao crédito. No pasado exercicio, no orzamento preventivo prevíase un crédito de 8.400.000 euros, 4.000.000 para financiar o Plan de obras e servizos e 4.400.000 para o Plan de vías provinciais, crédito que non se formalizou ao decidirse a financiar tanto o Plan de obras e servizos e o de vías provinciais, co remanente de libre disposición, tamén será por algo, porque había unha boa saúde financeira, unha capacidade da Deputación para actuar desta maneira.

Sen dúbida outra novidade é a desaparición do Plan de emprego financiado pola Xunta que no Orzamento preventivo do ano 2012 supuña 1.500.000 euros, quero supor que isto se debe a que a Xunta non presentou aínda os seus orzamentos e que o próximo ano este programa continuará. Quero dicirle, Sr. presidente, que estamos sorprendidos de que un plan que se anuncia en novembro do ano 2011, e conta con financiamento desde o 1 de xaneiro do ano 2011, se materialice a finais de novembro do ano 2012. Hai uns días asináronse os contratos destas 400 persoas e aínda agora estanse incorporando aos concellos, outra proba máis da incapacidade na xestión. Por certo, é un clamor nos distintos concellos da provincia, en todos, o malestar polo sistema de contratación deste persoal, cremos que se debería volver á fórmula anterior, transferirle o diñeiro aos concellos e que sexan eles os que contraten, será máis rápido e tamén máis eficaz, e todos estarán máis contentos. Non é agora, cando os días son máis curtos, cando o tempo moitas veces impide traballar, cando estes concellos necesitan a estes traballadores.

Unha vez vistas as novidades que contemplan o proxecto de orzamentos, se analizamos pormenorizadamente o orzamento, vemos que este se incrementa con respecto ao do ano 2012 en 19.962.300 euros, debido fundamentalmente a un incremento das transferencias correntes do Estado en 31.873.675, 34 euros, esperemos que esta cifra se manteña e non teña que facer ao longo do exercicio o goberno de España un axuste á baixa nos ingresos previstos nos Orzamentos Xerais para o ano 2013. Destaca no capítulo de gastos de persoal unha diminución de 316.494,18 euros, debido á anulación por imperativo legal das achegas a plans de pensións e seguros, á redución da cantidade asignada a horas extras, e á reclasificación de persoal. Increméntanse neste capítulo as dotacións destinadas a produtividade de persoal funcionario e laboral. Sen dúbida, é un esforzo que temos que valorar positivamente, pero esta rebaixa non explica o incremento do orzamento, como lía onte nos medios de comunicación. Destaca tamén a diminución en 373.000 euros do capítulo

de gasto corrente, sen dúbida, hai que agradecer o esforzo de contención por parte de todas as unidades desta Deputación, axustando ao máximo os gastos. Estaremos atentos para que isto non se modifique nos expedientes de modificación de créditos que se aproben ao longo do exercicio 2013, que se manteña este esforzo que hoxe valoramos positivamente, porque se é certo que tamén o ano pasado se reducía, pero ao longo do exercicio, con expedientes de modificación de créditos, fóronse incrementando os gastos sociais, acórdome agora dos contratos que había para renovar os contratos de seguridade que estaban moi orzados á baixa e houbo que suplementar.

Este orzamento é case idéntico ao do ano 2012 e as partidas teñen substancialmente as mesmas dotacións. Destaca o maior orzamento de Patrimonio e Contratación, cun incremento de 854.000 euros, debido fundamentalmente a unha partida de nova creación, no cinema Elma da Pobra, propiedade da Deputación por importe de 200.000 euros, e os 700.000 euros que se incrementa á partida de sendas peonís, onde vexo que entre outras previsións de actuación para o ano 2013, inclúese a mellora da seguridade viaria entre os puntos quilométricos 0,650 a 2,080 de Betanzos a Paderne, e no punto quilométrico 5,820 ao 7,510 de Cerceda a Mesón do Vento.

Destaca tamén nesta partida de Contratación a diminución en 100.000 euros na partida destinada a expropiacións, que non casa moito co incremento de investimentos en estradas provinciais, polo que posiblemente haxa que suplementar esta partida ao longo do exercicio 2013. Redúcense en 1.112.635,48 euros a partida de promoción e incentivos económicos, aínda que se incrementa a transferencia a consorcios de bombeiros. Debe ser esta diminución a que no orzamento do ano 2012 figuraba aquí a partida destinada a financiar o Plan de emprego cun importe de 1.500.000 euros, que achegaba a Xunta, o resto, o Grumir, a limpeza de praias, socorrismo, subvencións de fomento para concellos e familias sen ánimo de lucro, permanecen iguais. O financiamento do Plan de emprego Xunta-Deputación non figura nos orzamentos da Deputación, pero supoño, como dixen antes, que será por un problema de prazo ata que a Xunta poida presentar os seus orzamentos para o ano 2013. Se realmente se vai facer este Plan de emprego, como creo que así será, é o momento de analizar a xestión do presente ano para evitar que suceda o que sucedeu neste ano, tíñase que estar a executar desde setembro, é dicir, coas persoas seleccionadas, coa revisión médica realizada, cos contratos asinados, coa formación incluída e traballando nos lugares asignados desde hai dous meses, vemos que aínda hoxe se está impartindo formación, cun atraso de dous meses nun programa que afecta a unha cuestión tan sensible como o desemprego. Cremos, Sr. presidente, que este atraso é só imputable á deficiente xestión política, porque a pesar de ter vostede maioría absoluta na Deputación, como na Xunta e no Parlamento, non conseguiron asinar o pertinente convenio para o desenvolvemento deste programa ata o pasado mes de xullo, a pesar de que este programa xa o desenvolvía a Xunta antes, que non é novo, e a pesar de que o diñeiro estaba dispoñible desde o 1 de xaneiro.

O orzamento de Educación, Cultura e Deportes redúcese con respecto ao ano 2012 en 260.000 euros, pero mantéñense as mesmas partidas cos mesmos importes, destacando a diminución de 184.000 euros na partida de subvencións a familias e institucións sen fins de lucro para actividades culturais. Pola contra, increméntase, como xa dixo o Sr. Portavoz do Partido Popular, a partida de servizos sociais e política de igualdade en 479.487 euros. Destaca neste capítulo o incremento en 236.548 euros na partida destinada a financiar a teleasistencia debido a que non haberá convenio con Imserso e a Deputación pasa a asumir a parte que achegaba o Imserso.

Redúcese en 30.000 euros as subvencións aos concellos para mantemento das políticas de igualdade e aparece unha nova subvención co Concello da Coruña por importe de 80.000 euros para financiar o programa “Concilia os teus tempos”. Redúcense en 275.000 euros as subvencións aos concellos para envellecemento activo porque se pasa de achegar 6.000 euros por concello a achegar agora 3.500 euros. Increméntanse en 821.388 euros as subvencións aos concellos para o programa de servizos sociais de atención primaria, imaxino que a cantidade que figura no orzamento preventivo de 4.012.000 euros, que se propón para este ano é similar á que atoparemos na liquidación do orzamento do ano 2012, porque aínda que é certo que se incrementa en 821.000 euros a partida do orzamento preventivo, ao longo deste ano nos sucesivos expedientes de modificación de créditos incrementouse a partida, creo que en 900.000 euros, por tanto vai ser dunha cantidade similar. O resto das partidas que integran servizos sociais son iguais aos do Orzamento do ano 2012.

E é necesario neste punto facer tamén algunha consideración sobre a xestión das subvencións en xeral, Cultura e Deporte, Servizos Sociais e Promoción Económica. Reiteradas veces denunciámos neste Pleno o atraso na tramitación das subvencións. Aínda hoxe, a finais de novembro, está a comunicarse aos concellos e entidades as subvencións outorgadas, e a maior parte dos concellos, aínda hoxe, 23 de novembro, non recibiron as notificacións das subvencións de Servizos Sociais. Este é un dato que pon de manifesto a deficiente xestión do goberno da Deputación, cun atraso de dous meses con respecto ao último ano do anterior goberno, no caso de concellos, e de tres meses no que se refire a entidades privadas. Estes atrasos son moi importantes nun exercicio económico de doce meses, e o seu impacto nas actividades e pequenos investimentos dos concellos é considerable, obrigando mesmo algúns deles a despedir persoal, por non falar das incertezas ás que se somete a asociacións sen ánimo de lucro.

Os maiores ingresos que contempla este orzamento diríxense case en exclusiva á xestión de plans e vías provinciais. O Servizo de Xestión de Plans increméntase en 6.504.180 euros, aínda que só é un incremento contable, é un incremento virtual, porque o que se vai financiar exclusivamente no Servizo de Plans é o Plan de obras e servizos, e o Plan de obras e servizos do ano pasado tivo un importe de 24.200.000 euros, e o Plan de obras e servizos deste ano, a pesar do incremento da partida en 6.500.000, vai ser un Plan de obras e servizos de 24.200.00 euros, igual, 14.520.000, igual que o ano pasado, para o gasto corrente, e 9.680.000 para investimento. Neste capítulo, a pesar do incremento, non haberá

ningún tipo de cambio, é o mesmo plan coa mesma dotación. Con respecto a Vías e Obras, si existe un incremento substancial de 11.216.734 euros, incrementándose 4.000.000 de euros o Plan de vías provinciais, incrementándose 4.763.000 euros o Plan de conservación, e 3.300.000 euros o Plan de travesías

Quizá sexa este o elemento máis destacado deste orzamento que se nos presenta para o ano 2013, aínda que a contratación, coa pouca dotación que se prevé para expropiacións, como dixen antes, posiblemente fará insuficiente esa cantidade. Pero para non lanzar campás ao voo, teño que dicir que aínda que a dotación de Vías e Obras no orzamento do ano 2012 era de 11.166.000 euros, e a deste orzamento para o ano 2013 é de 22.383.000 euros, o que supón un incremento ao que me referín antes, non é menos certo que o orzamento definitivo do ano 2012 neste capítulo foi de 28.529.000 euros, é dicir, 6.146.000 euros menos do que se orza para o ano 2013. Por certo, nas fichas do orzamento identifícanse os proxectos que o Servizo de Vías e Obras considera que deben de incluírse para a súa execución con cargo a esas dotacións, e esperamos que así sexa.

Non podo deixar de referirme neste apartado á contratación do Plan de conservación de vías provinciais 2012 sobre o que xa preguntamos nos Plenos de xuño e de setembro, pedímoslle de novo que reconsiderase este cambio na contratación e abandone o procedemento negociado sen publicidade e utilice de novo o procedemento aberto, que se utilizou cando menos desde o ano 1989 de forma ininterrompida, e por corporacións de diferente signo político. O cambio que vostedes fixeron produce, ao noso xuízo, graves consecuencias, un atraso de entre tres e catro meses na contratación dos diferentes grupos do plan, respecto do que se fixo no mandato anterior, aínda hoxe hai concellos onde non se iniciou o Plan de conservación de estradas, cando normalmente se tiña que facer antes do verán. Unha perda para a Deputación que pode estimarse en 834.000 euros producida pola súa decisión, non motivada, de cambiar o procedemento de contratación. Unha perda notable da transparencia, da libre concorrência, de igualdade e non discriminación de empresas ás que se lles impide o acceso á contratación de 25 grupos do plan, porque vostedes non explicaron en ningún momento por que se convida a unhas empresas e por que non se convida a outras.

Remato, Sr. Presidente, dicindo que o Grupo Socialista vaise abster, o seu voto vai ser de abstención neste orzamento, pero é un suspenso manifesto á xestión, que consideramos manifestamente mellorable.

Sr. Ruiz Rivas

En primeiro lugar, o feito de felicitar en privado habitualmente a todos os servizos económicos, pode levar, como no meu caso, a que cando o ten que facer en público un esqueza tan importante tema. Saben todos os servizos económicos e todos os desta casa que participaron neste orzamento que recoñecemos totalmente a súa dedicación e esforzo e, por tanto, tamén a nosa felicitación.

Eu creo que despois das intervencións dos dous grupos que ata agora estiveron a gobernar a Deputación, eu non escoitei ningunha razón para que ningún dos grupos vote en contra deste orzamento, nin razóns ideolóxicas, nin razóns orzamentarias, e si me pareceu entender razóns políticas, porque só así se pode entender que vostedes vaian votar en contra, e dígoo porque, claro, é moi fácil facer un modelo de boísmo, nós poderíamos dicir aquí que a Deputación vai solucionar o problema de todos os cidadáns da provincia, sexa no ámbito da vivenda, no ámbito do traballo, no ámbito social, e que ademais de todo iso imos investir moito máis e imos ser o motor desta provincia, pero claro, iso hai que analízalo co que temos, é dicir, o que imos dar en base a non telo, creo que é precisamente o que nos levou ata aquí. Entón, eu concluiría dicindo que é máis fácil estar aí onde están vostedes á hora de poder situarse en contra duns orzamentos que son infinitamente superiores a moitos dos que vostedes, estando no Goberno, aprobaron, e ademais unha vez que podemos dicir que as consecuencias daqueles orzamentos, como doutros moitos, leváronnos a ter problemas no seu momento de ter que devolver determinado diñeiro, que xa viña desde arriba das políticas que aplicaban en Madrid, por certo, coa anuencia ano tras ano do Bloque Nacionalista Galego, que levaban a facer unhas contas totalmente irreais no Estado, unhas transferencias que non se ían producir, e ao final que a temos que devolver. Que fixo este goberno?, todo o contrario, podemos devolvela a máis tempo, e ademais pomos cláusulas neste orzamento para que se a economía vai peor do que se prevé non nos poida volver pasar o que a vostedes lles pasou e o que está a pagar esta Corporación, como o están pagando moitos dos concellos. Por tanto, o vaso, o vaso agora estase enchendo, é que ata agora só se baleirou do líquido elemento que nos facía falta e encheuse de débeda, resulta que agora o estamos baleirando de débedas e se o estamos enchendo de novas partidas dedicadas basicamente a gasto produtivo. Claro que é moi fácil dicirlle aos cidadáns: “a Deputación vai ser o motor de todo isto e o peso do sector público é o que ten que mover a economía”, moi ben, e cal é o peso do sector público?, o que temos realmente, 156 millóns de euros, ou o que vostedes querían ter? Imos e pedimos, porque non escoitei ningún tipo de modelo, se queremos ter máis de 156 millóns de euros, que é o que realmente teño, vostedes tíñanme que dicir onde estamos a gastar mal eses 156 millóns de euros, e se queren ter máis peso na provincia deses 156 millóns de euros, digan claramente que queren volver pedir máis diñeiro, na medida do que podemos, porque é que se non, realmente, están a facer un exercicio que eu, nesta casa acostumo a non pór cualificativos fortes, e por tanto non o vou a pór, pero se están a dicir que fagamos o que realmente non se atreven vostedes despois a dicir que fagamos, que é máis débeda, ou o feito de non encomiar nin tan sequera que non se solicite crédito, por tanto, volvo repetir, o que estamos a facer é, nin máis nin menos, pondo a austeridade onde a temos que pór. A austeridade non é un fin, a austeridade é un paso para seguir crecendo, a austeridade é dicir isto é o que teño, eu quero unha Administración solvente que pague fronte a unha Administración que non pague, eu quero unha Administración que gaste no que ten que gastar, é dicir, priorice, e que non sexa unha Administración delapidadora, e iso é o que vai motivar que a partir de aí podamos volver crecer, e esta Deputación, é verdade que grazas a ingresos do Estado, pero esta Deputación pode crecer tamén en base a moitas outras cousas no seu gasto, a amortizar anticipadamente e que nos permite aí unha liberdade de 1.200.000 euros.

O feito de rebaixar o 3% que vén sobre unha rebaixa importantísima do ano pasado, o noso gasto corrente, co cal, cos ingresos que temos, que son os que son, porque ningún de vostedes se atreveu a dicir que pedisemos máis diñeiro, o que facemos é reducir o gasto improdutivo para dedicalo precisamente a todo aquilo que é produtivo, e por iso podemos subir a 29 millóns de euros o investimento, con 17 millóns máis de investimento, pero a partir de aí tamén teremos que facer análise homoxénea, é dicir, é que vostedes me están comparando, o Sr. Moreda basicamente un neno que vai nacer o día 1 de xaneiro co neno que morreu a 31 de decembro que xa estaba engordado a base de todo o ano, remanentes e outras cuestións. Por tanto, ao finalizar o ano volvemos facer comparativas dun orzamento liquidado ou dun orzamento finalizado, pero o que é indubidable é que co orzamento inicial crecemos 20 millóns, crecemos un 14% e pico máis e que ademais o investimento, como antes dicía, multiplícase por tres.

Como acabará o ano?, Deus dirá, xa o veremos, esperemos que grazas ao que facemos agora, que á parte permite, permite gastar o diñeiro a 1 de xaneiro, lémbrolle que durante moitos anos determinadas partidas que vostedes aprobaban non se podían gastar o 1 de xaneiro, ou teño que sacar os exemplos da venda de parcelas en Sabón, etc. etc., que este ano xa non figura para incrementar ficticiamente un orzamento e que, por tanto, permite que todos os orzamentos da Deputación e todos os investimentos sexan fondos propios e que o 1 de xaneiro non teña ningún condicionante que impida que aínda que figure nos orzamentos non se pode aprobar? Pois iso é unha realidade que nestes Orzamentos do ano 2013 si figura, como figuran tamén, e vostedes sábeno, no expediente, esas medidas de estabilización que van impedir que se non se producen os ingresos, si os gastos se vaian reducindo na mesma contía ou, polo menos, non reducindo senón que non xa non leven a gastar. Claro tamén é que os gastos de funcionamento desta Deputación, incluídos os do Goberno, incluídos os dos grupos tamén que forman parte desta Corporación non se incrementan en ningún momento.

O Sr. Moreda presumía da débeda de 2011, eu felicítooo pola débeda que vostede tiña no ano 2011 e o seu Goberno, entón tamén agradezo as felicitacións por esa débeda que imos ter a finais de 2013, porque se a súa xa era histórica, imaxínese cada vez moito máis histórica, e si que ten que ver con razóns e medidas que adoptou o Goberno no ano 2011, no tramo no que estivo a gobernar esta Deputación provincial e no ano 2012, que é a amortización anticipada de moitos e moitos dos préstamos que vostede tiña naquel momento. Por tanto, ao finalizar o ano se vai ser unha débeda que vai ser histórica, cando menos, ata que aprobemos o de 2013, e é que teñamos unha carga financeira que é a máis baixa da Deputación na súa historia e unha débeda viva que non chega ao 30 % dos nosos recursos, e que por tanto dá unha claridade de solvencia desta Deputación, que chegou a gastar case 18 puntos en pago de débeda, e iso é, creo que reducilo a basicamente pouco máis de 7 puntos, unha imaxe que puidese transmitirse aos cidadáns, que eses 11 puntos están a repercutir noutros gastos loxicamente moito máis produtivos para eles.

Pero dicía vostede, “vostedes fan un exame orzamentario *chapeu*, sobresaínte, mellor que o do ano pasado, moi parecido ao que nós faciamos, pero ímosllo votar en contra, porque non saben executalo”, home, voten vostedes en contra o día que traíamos a liquidación ou a conta xeral, pero cando lle dicimos que traemos un orzamento ao que vostede di *chapeu*, “como sei que vostedes son moi malos executando e vano a facer moi mal, xa polo si ou polo non, vótolle en contra”, pois claro, dígame vostede cal é a alternativa que nos dá, como somos tan malos executando, non nos dea presupostos e, por tanto, xa non podemos gastar mal porque simplemente non temos. Por tanto, creo que é, como antes dicía, unha fórmula máis de dicir que non a uns orzamentos que tanto uns como outros dos grupos que aquí representan están totalmente de acordo e só ese compoñente político que teñen é o que lles impide votar en contra a un orzamento que, seguramente, hoxe moitos alcaldes están, non fregándose as mans, porque os tempos non son para iso, pero si agradecendo o esforzo que a Deputación provincial está a facer en tentar superar as crises deses mesmos concellos co seu propio esforzo.

O Plan de emprego, vostede o dixo, o Plan de emprego a Xunta de Galicia non aprobou aínda os seus orzamentos e, por tanto, unha previsión que temos que é que ese Plan de emprego se poida volver aprobar ao longo deste ano 2013, pero para efectos orzamentarios é imposible incluílos neste momento. Que distribúan os concellos a contratación, todo iso, está moi ben, pero entón non estaríamos a falar dun Plan de emprego provincial, estaríamos a falar dun Plan de emprego local ou outro tipo de actuación, que si que incide nos concellos, pero non nun ámbito ou cun obxectivo provincial, como é o caso e, por tanto, a Administración que debe de facelo é a Administración provincial, outra cousa é que como vostede sabe hai outra serie de plans que inciden directamente nos concellos por parte da Xunta, pero que ao final é a propia Xunta quen os vén distribuindo a través dos criterios que establece no seu decreto e no INEM, e non os propios concellos. Por tanto, esa proposta nova que me fai é moi interesante para os que creemos na autonomía máxima municipal, pero desde o punto de vista provincial e dun Plan provincial, comprenderá vostede que pouco provincial é se o da provincia o distribúe o Concello de Outes, ou o da Coruña, ou o de Ribeira, entendo que non.

O DTC é unha proba máis do esforzo, vostede falaba de determinada falta de xestión en determinados plans e subvencións, que aquí evidentemente foron explicitadas abundantemente o porqué destes atrasos, que existiron, pero hai outras múltiples probas de calidade nesa mesma xestión que desde a Deputación se veu facendo. É máis, este mesmo ano, nós somos conscientes de que estas subvencións chegan a última hora e o que pretendemos é precisamente que estas ordes saian xa en decembro deste mesmo ano, o cal vai facilitar que para o ano que vén non se debe de dar ningún tipo de contratempo, que non fixese que os concellos tivesen dispoñible a mediados de ano ese diñeiro.

O do POS, claro, vostede dicía “non sobe nada, porque simplemente agora o POS segue sendo o mesmo”, claro, entón subirá o remanente, cando teñamos catro millóns de euros, ou sete, non teremos que dedicalos ao POS, e poderemos dedicalos directamente aos

concellos. Por iso dígolle eu que non me compare un neno que está en cueiros cun neno que fixo a primeira comuñón, e moito menos cos que fixemos a mili, por tanto, no momento inicial, que é a aprobación dos orzamentos, é inmensamente superior o esforzo da Deputación e o investimento que se fai, e xa verá como xa non temos condicionado ningún gasto, como é ter que aumentar os orzamentos do POS porque outras administracións non fan ese mesmo esforzo, ao non ter que facelo, podemos destinar o diñeiro para outros.

Eu non quixese discutir máis, nin dar máis argumentos, porque creo que o que aquí se deu eran basicamente argumentos, ou excusas, para non aprobar un orzamento que todos vostedes coinciden en que é mellor que os anteriores, uns orzamentos infinitamente superiores a moitos dos que vostedes aprobaron, e uns orzamentos, sobre todo, que non teñen un modelo alternativo, polo menos aquí ninguén foi capaz de explicalo, e se non, que nos digan como conseguimos máis fondos ou como distribuímos dunha forma diferente os que temos, e como iso non se fixo, como estes orzamentos conservan e aumentan os servizos que nós pensamos que son prioritarios, como os servizos sociais, co incremento deses 300.000 euros que falamos, como incrementan os gastos produtivos que é o investimento, que van dar traballo, eu non me meto en máis nada, e non me meto mesmo, Sr. Moreda, co procedemento de adxudicación desas obras, porque un dos argumentos que eu lle dei, fagamos tamén as comparativas sobre as consecuencias negativas que podería ter un sistema de contratación sobre outro, cando realmente estean executadas as obras, cando estean...si, non poña esa cara, porque veremos se con este procedemento temos menos problemas cos problemas derivados das propias empresas, chámense liquidacións, chámense concursos, chámense baixas que por estar dentro do contexto son excesivas, e aínda que entran dentro dos límites legais ao final poidan ter un problema engadido a esta institución, todos eses elementos que son elementos, digamos, alleos ao que é a propia legalidade, son os que temos que estudar unha vez que as obras e os orzamentos estean finalizados, e así veremos se a evidencia que vostede puxo de manifesto, que o aforro é menor, tradúcese noutra serie de vantaxes, non só as da axilidade, que diciamos certo día, porque esa podemos concordar que é menor, pero se outra serie de prexuízos que estaba a traer a esta casa por causa da propia crise económica e non de traballos derivados do seu persoal.

Por tanto, Sr. presidente, esas son as razóns básicas, como antes dixen, que van facer que aprobemos estes orzamentos.

Sr. Regueira Varela

Parece, Sr. Ruiz que volvemos insistir sobre a idea de que a crise e todo o que está a vivir a sociedade procede dunha mala xestión das administracións públicas, eu creo que os datos non indican iso, os causantes da crise son outros e coñecemos vostedes tan ben como nós, son precisamente os que se esforzan agora as administracións públicas en pagarlles o desastre que crearon social e economicamente. Lémbrolle tamén que o BNG non apoiou os diferentes orzamentos que presentou o goberno do PSOE no Estado, que eu lembre, parece ser que vostedes teñen o mesmo catecismo todos, e insisten en todos os lados que nós

apoiabamos continuamente os orzamentos, cousa que non é certo, aprobamos, que eu saiba, un. E logo parece que os posicionamentos políticos son malos, evidentemente eu sitúome diante duns orzamentos por criterios políticos, eu creo, e no meu concello asegúrolle que non pasa así, eu creo que se o BNG reconece certa melloría nos orzamentos, xa estamos a achegar algo tamén para o seu beneplácito, no meu concello non me van reconecer iso o Partido Popular, iso xa llo adianto eu, e despois outra cousa, vostede dicía que non propuxemos, déannos a oportunidade de propor nos próximos orzamentos, déannos a oportunidade de propor cando empezamos a preparar os orzamentos e seguramente o noso posicionamento político sexa diferente se é que realmente hai certo grao de complicidade para chegar a uns mínimos acordos, aínda que sexan mínimos moi mínimos.

Efectivamente, se analizamos desde un punto de vista totalmente economicista o balance dos orzamentos, da xestión de 2012, e o que presentan hoxe vostedes aquí, ben, dámoslle o aprobado, pero eu creo que hai máis puntos de vista que o totalmente economicista, e tampouco ten que ser, e eu díxeno na miña intervención, a débeda o obxectivo fundamental duns orzamentos, temos que escoitar á sociedade, temos que saber cales son os problemas sociais, e desde aí temos que articular un proxecto de orzamentos, temos que asumir o que se poida asumir, esta Administración estaba saneada? parece ser que si, porque eu recordo nos primeiros debates deste Pleno onde o Sr. presidente reconecía que se atopaba nunha Administración saneada, pois se estaba saneada, podemos asumir débeda?, pois asumamos débeda se con iso imos satisfacer demandas e urxencias sociais. E logo, tampouco é certo isto de que estamos a pagar ben, non estamos a pagar nin sequera a 36 días como dicía o Sr. Moreda, estamos a pagar mal, estamos a pagar a 48 días, creo que son os resultados que saen da Comisión.

E tampouco, a exposición do BNG non é boísmo, é simplemente reclamar xustiza social. Todos os días hai xente na rúa, cada día hai tres desafiuzamentos no partido xudicial da Coruña, no concello de onde veño eu houbo 70 desafiuzamentos desde agosto ata hoxe, por tanto, é reclamar que se articulen políticas diferentes, se cadra non valen os plans, estamos nun momento político diferente ao do bipartito cando gobernou esta Administración pública. Esta Administración pública, os que estamos e as que estamos aquí, temos a responsabilidade de identificarnos co que diga a sociedade e tentar articular novas políticas e novos plans, non hai nada novo neste orzamento, Sr. Ruiz Rivas.

E despois, simplemente facer unha análise de memoria, vostedes ao principio desta crise, para que vexa que non é todo boísmo, nin nada polo estilo, falaban de que non se podía recortar en sanidade, de que non se podía recortar en educación, de que estaba mal facer amnistías fiscais, todo iso dicíanllo vostedes ao Goberno do Estado hai ben poucos anos, que non se podían subir impostos, que había que investir máis, etc., etc., agora defenden vostedes todo o contrario, pois non, eu creo que a pesar de que reconecemos que este orzamento é francamente e sensiblemente mellor que o pasado, nós botamos en falta atender as demandas da sociedade, porque quero lembrar a todos e a todas, e lémbrome a min tamén todos os días, que os políticos, en todas as enquisas estamos cualificados como un dos

problemas máis claros que percibe a sociedade. Temos que reflexionar de por que é, temos que reflexionar de se este orzamento lle dá polo menos unha perspectiva social diferente ás persoas que están a sufrir hoxe nas rúas, eu creo que non, que é máis do mesmo, e creo que os orzamentos deben, desde a realidade puntual onde se elaboran, reflexionar sobre as solucións que hai que dar, e creo que non estamos a dar solucións novas ao que está a sufrir a sociedade neste momento na provincia da Coruña, creo que é unha responsabilidade deste Pleno buscar esas solucións, por iso aínda aprobando que os orzamentos melloran, non podemos apoialos, pero insisto, se vostede quere confrontar modelos, déanos a oportunidade para o ano seguinte e o tempo necesario para que os confrontemos, e seguramente, eu xa llo adianto, seguramente o resultado da votación no Pleno de 2014, non será se cadra un voto favorable do BNG ao cento por cento, pero seguramente só ese grao de complicidade, e darnos a posibilidade de contrastar políticas, daranos a oportunidade de ser máis benévolos cos seus orzamentos e, cando menos, abstermos, e por que non?, se fose necesario aprobalos tamén os aprobaríamos sen ningún tipo de rubor, non o dubide, aínda que as nosas políticas e as súas sexan moitas veces contrapostas, pero pódense chegar a acordos facilmente en certas cousas, déannos a oportunidade.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, Sr. Ruiz Rivas, vostede é insaciable, dicímoslle que nos imos abster e rífanos porque non votamos a favor. Non podemos votar a favor porque aínda que os orzamentos que nós fariamos serían substancialmente similares, hai partidas que non meteríamos, porque non se xustifican, a algunha referiuse o Sr. Regueira, ben pois se cadra hai concursos hípico que estivo ben subvencionados nun momento, pero que agora non se xustifican, ou hai algunhas cousas que estivo ben facelas nalgún momento, pero que agora non se xustifican. Eu recoñecíalle que eran os orzamentos que se podían facer, e valoreille positivamente varias iniciativas, o que non me pida é que lle vote a favor, porque para votar a favor teríamos que discutir, como di o Sr. Regueira e pornos de acordo. Unha cousa é o orzamento e outra é a liquidación, e no medio está a xestión, e nós polo que vimos este ano non podemos aprobar a xestión, nin dicir que é unha boa xestión, cremos que é mala, francamente, e creemos que é manifestamente mellorable, e esperamos que se mellore o próximo exercicio, e dirémolo.

Con respecto a cuestións puntuais que expuña vostede, dicía que os orzamentos do anterior equipo de goberno eran inferiores, mire todos eran superiores, todos, pero non porque fôsemos xeniais, porque as transferencias do Estado eran maiores, e estes orzamentos son unha continuidade dos anteriores, e díxeno, que faciamos anteriormente?, controlar o gasto público, o gasto corrente, controlar o gasto de persoal, estaba no 18% paréceme, o gasto de persoal sobre o orzamento xa da Deputación, deducir a débeda viva e a carga financeira, incrementar o investimento produtivo, amortizabamos anticipadamente, non é unha cousa que fixesen vostedes agora este ano, nós amortizabamos anticipadamente, porque sempre tivemos claro que tiñamos que ter unha Deputación sustentable que cando nos fôsemos o Bloque e nós, e viñese quen viñese, tivesen diñeiro para poder seguir achegando

fondos aos concellos da provincia, e este é un trazo distintivo desta Deputación, a de Lugo non fai Plan de obras e servizos, e outras moitas deputacións non fan Plan de obras e servizos, nin DTC, nin nada, por que? porque as deixaron crebadas, e esta quedou saneada, pero non é un debate entre a xestión duns e doutros, perdemos as eleccións, punto, aínda que na Deputación se gañan as eleccións ou se perden non en función da boa xestión da Deputación, senón en función dos resultados que haxa nos distintos concellos da provincia.

Pero, Plan de emprego, fala do Plan de emprego provincial, a nós gustaríanos que o Plan de emprego se xestionase como estaba previsto no orzamento preventivo, no orzamento preventivo estaba previsto que o xestionasen os concellos e que contratasen os concellos, e o diñeiro estaba incorporado en Promoción Económica, e ao longo do ano houbo que cambialo de Promoción Económica e metelo no capítulo I de gastos de persoal, porque ía contratar a Deputación. Pero, home, se o Plan de emprego xa se facía, non o vendan vostedes como unha cousa nova que fai esta Deputación, o Plan de emprego facíao a Xunta e pagábao a Xunta, e agora puxéronse de acordo, e non o discuto, paréceme ben, e a Xunta dálles o diñeiro a vostedes para que vostedes contraten a 400 persoas e as manden aos concellos, pero xa o facía a Xunta, e como o facía a Xunta?, deixando que os concellos contratasen a este persoal. E nós facemos a reflexión porque é o momento de facela agora de que quizais sería bo volver ao modelo orixinal, e sería un Plan de emprego provincial, xestiónao a Deputación pero transfírenlle os fondos aos concellos, porque eles saben o que necesitan e, posiblemente, fágano máis rápido, co cal converteríamos este Plan de emprego máis eficaz e sería tamén máis eficiente.

Falaba dos temas da contratación, que hai que analizar, mire, o que hai que analizar é que a Deputación deixou de percibir 840.000 euros, polo cambio de modelo de contratación, máis nada, porque as obras facíanse igual, ou polo menos certificábanas os técnicos sen ningún problema, e nos anos en que nós estivemos aquí non había quebras nin empresas que entrasen en suspensión, entraron en suspensión de pagos as empresas pola situación de deterioración da situación económica, non polo modelo de contratación que tiña a Deputación, que lle lembro que o usaba desde Romay, non sei antes Marfany, sempre con gobernos de distintos signos, e non pasaba absolutamente nada, e non había ningún problema, e as obras facíanse igual, ou vostede cre que se a obra custa máis van facer máis? non, no proxecto hai definidas unhas unidades de obras, adxudíquense por máis cantidade ou por menos cantidade, vaise facer a obra que estea prevista, por tanto, non gañamos nada, pero se nun momento en que o político e a clase política está en cuestión, deixamos de ser transparentes, e a xente pode empezar a preguntarse por que se convida a un e por que non se convida a outro, e que hai que facer para que se convide a un, e que hai que facer para que non te conviden, e o máis transparente é o procedemento aberto, como se fixo sempre, para que cambiar as cousas cando funcionan ben?, pero ben, ese é un criterio que teñen vostedes, este é un criterio que temos nós, cada un ten o seu, e é tan lexítimo e tan legal un coma o outro, o que pasa é que un hai que xustificalo, e está sen xustificar.

Con respecto, dicía tamén, que estaban a baleirar de débeda a Deputación, non están a baleirar de débeda a Deputación, están a facer unha política, como dicía antes, que xa se fixo antes, de amortizar anticipadamente, para que? para poder seguir continuando prestando servizos aos concellos, e o diñeiro que ten que devolver a Deputación, e o diñeiro que teñen que devolver os concellos ao Goberno do Estado non é por un tema de débedas da Deputación, nin débedas dos concellos da provincia, é porque houbo unha mala formación do orzamento, que é unha cousa que advertín eu aquí, non vaia ser que o que lle reprochaban ao Sr. Zapatero, os que agora están a gobernar incorran no mesmo erro, de inflar os ingresos, dar maiores transferencias e logo ter liquidacións negativas que teñan que devolver, as liquidacións negativas que ten que devolver a Deputación, todas, a Xunta de Galicia, todas as comunidades autónomas e os concellos de España é porque houbo un erro na formación de orzamentos, pero non porque houbo débedas nesas concellos, ou nesas deputacións, ou nesas comunidades autónomas.

E dígolle, o orzamento é o que se pode facer, nós fariámolo igual?, igual non, parecido si, porque son sota, cabalo e rei, as cousas son como son e hai que falar con claridade, pero hai cousas que non fariamos e outras que fariamos, e vostedes fixérono así e parécenos ben, é o que se pode facer. Creo que hai que pór de manifesto a redución do gasto corrente e o gasto de persoal, por que non, agora contradise un pouco co que dicía vostede anterior dos sinais, porque se temos unha carreira con 20 sinais quilométricas, e 4 deterióranse, non van ser 4 azuis e seis verdes, porque non evitamos a confusión que din vostedes que queren evitar, pero ben, iso é un debate que xa fixemos e aí quedou.

Simplemente dicirlles que nos abstemos no orzamento e suspendémolos na xestión, esperamos que o próximo ano se mellore a xestión e poidamos dicir que os felicitamos pola xestión. Moitas grazas.

Sr. Ruiz Rivas

Moi brevemente, lembro un amigo que cando lle deron a elixir entre percebes e caramuxos escolleu caramuxos, e alguén lle dixo, ata es parvo para pedir. Nós non lle estamos seguramente ofrecendo percebes, pero canto menos na situación económica que estamos, estes orzamentos creo que son uns orzamentos como para que un se permita a licenza de pedirlle que llos aproben, porque ademais non están nin tan en desacordo vostedes nin cos caramuxos, nin co percebe, nin con nada, basicamente despois de todo o expresado están de acordo, por iso sei que non lles custaría moito votar a favor e a todos os compoñentes do seu grupo ata estou seguro que o farían de forma moi agradable.

Dito isto, tampouco quero entrar no que é o pasado das xestións duns e outros, en todo caso porque esta Deputación ten a sorte de ter alternancia, sempre estaríamos a ir para atrás e para adiante, o que si é claro é que se esta Deputación está na situación en que está débese á prudencia con que basicamente se gastou o diñeiro con relación aos que había durante todo este tempo, por tanto a miña crítica non ía por aí, si ía co sentido de que as

políticas de austeridade, cando un as aplica como debe de ser, como un medio, e non como un fin, dan resultados positivos. Claro, non poden dar resultados positivos se temos que pagar 38.000 millóns de euros no Estado, pero si xa empezan a dar resultados positivos na Deputación cando vemos que fomos capaces de non prestar os servizos de forma peor aos que viñan prestando, e xa este ano xa temos un incremento de gasto en determinados servizos, como servizos sociais, e en determinadas prestacións, como é o investimento. Por tanto, tamén o feito de gastar 1.200.000 euros menos en pagar débeda, tamén é 1.200.000 euros que poden ir para cubrir as necesidades que a Deputación ten que cubrir, volvo repetir, porque é que algún quere que solucionemos o problema da humanidade desde a Deputación e desde estes orzamentos, e ata aí a verdade é que o tentamos, pero non somos capaces de conseguilo.

Por tanto, remato, recortar ou austeridade non é sinónimo de rebaixar prestación de servizos, si é sinónimo dunha nova forma de facer as cousas, que é cambiar a eficacia pola eficiencia, priorizar, porque cando un ten moito, xa se sabe que moitas veces fai as cousas o máis fácil, gasto os cartos e teño as mesmas consecuencias que o fariamos sen gastar eses cartos cando non os temos, que é o que estamos a facer.

Por tanto, remato simplemente dicindo que o modelo de contratación que esta Deputación está a empregar é o modelo que aplican o 99% das administracións, sexan estatais, locais, autonómicas ou provinciais, e que por tanto non nos afastamos de nada que non estea a facer ningunha outra institución, e por suposto é obvio dicir que é un modelo legal, iso tampouco aquí viriamos ninguén a dicir “imos aplicar un novo modelo que é ilegal”, sabemos que é dentro da legalidade. Pero ben, dito isto, tamén cando vostede falaba das ofertas, dicir que as ofertas que se piden desde esta Deputación provincial son neste caso máis das que esixe a propia lei en número das que se solicita, por tanto buscando tamén eses criterios de que entre todas as empresas convidadas se poida producir unha, digamos, oferta mellor. Dito isto, máis nada, espero que os grupos recapaciten nestes minutos que supoño que intervirá o presidente, e acaben aceptando por bos estes orzamentos, por incidir non será, presidente.

Sr. presidente

Antes de pasar á votación, é certo que quedan un par de segundos para votar eses orzamentos, que eran os que vostedes tiñan, nos que melloramos en todas as liñas que vostede dicía, Sr. Moreda, en contención de gasto melloramos, en incremento do gasto produtivo tamén, mantemos o gasto social, non é que apelemos moderadamente ao crédito, é que non apelamos ao crédito e diminuímos a débeda viva en 45 millóns de euros en dous anos. A pesar diso, a pesar da mellora en todos eses cinco criterios, vemos que non os convencemos, a uns porque din que melloramos, pero non o suficiente, e a outros porque cambiarían algunha partida, está ben, iso reafirma que imos no bo camiño, e simplemente dicir que como dixeron os dous portavoces, o concurso hípico supoño que se referirán a Equiocio, digo eu, aquel no que o exvicepresidente da Deputación, Pablo Villamar, dáballo

120.000 euros a través de Promoción Económica, e nós reducimos a partida nun 48%, dígoo para que quede constancia e que non se pense que se mantén a partida, senón que se reduciu nun 48% a achega que solicitaba nos orzamentos o Bloque Nacionalista Galego e que aproba o Partido Socialista, si, Sr. Moreda, seguro, seguro, seino porque as críticas o que as teño que aguantar son eu.

Así que supoño que durante este tempo cambiarán de opinión. Pasamos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: 5 deputados (BNG)
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Examinado o expediente que contén o proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2013, que presenta o Sr. Presidente, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, procede:

1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2013 por importe de 156.690.800,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓNS CORRENTES:

CAPÍTULO I	Impostos directos	15.777.560,00
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	6.589.002,00
CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	9.381.739,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	121.581.432,00
CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	2.631.067,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		155.960.800,00

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI:	Alleamento de investimentos reais	0,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		0,00

3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:		
CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	730.000,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		730.000,00
<u>TOTAL DE ORZAMENTO XERAL</u>		<u>156.690.800,00</u>

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓNS CORRENTES:

CAPÍTULO I	Gastos de persoal	38.340.195,18
CAPÍTULO II	Gastos en bens correntes e servizos	23.831.995,86
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	567.340,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	38.276.354,24
CAPÍTULO V	Fondo continxencia e outros imprevistos	3.135.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		104.150.885,28

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI:	Investimentos reais	25.733.081,32
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	13.610.000,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		39.343.081,32

3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	999.289,40
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	12.197.544,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		13.196.833,40

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL 156.690.800,00

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

<u>Grupo de función</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u>
1	Servizos públicos básicos	1.821.901,99
2	Actuacións protección e promoción social	26.298.531,41
3	Producción bens públicos carácter preferente	18.390.619,00
4	Actuacións de carácter económico	56.260.633,92
9	Actuacións de carácter xeral	41.169.229,68
0	Débeda pública	12,749.884,00
<u>TOTAL DE ORZAMENTO XERAL</u>		<u>156.690.800,00</u>

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme co disposto no art. 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se presentaron reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 169.3 do citado texto refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

4º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

-Moción do Partido Socialista solicitando ao Goberno de España que se manteña o nivel de investimento para as comarcas mineiras con cargo ao plan da minería, de polo menos as mesmas contías do exercicio 2011.

Sra. Pérez Rumbo

Grazas, Sr. presidente. Bos días a todas e a todos, realmente traemos unha moción que foi presentada no mes de maio e, por tanto, agora mesmo podería valer o mesmo que se pide para os orzamentos do exercicio 2013, pero ben, como foi presentada en maio e así se presentou vou facer fincapé no que está presentado. Como tamén xa tivemos ocasión dúas veces de expolo, aínda que non foi debatida, vou entrar simplemente nos acordos que se solicitan.

No punto número un solicítase que se habiliten fondos adicionais ao Plan miner, que se destinarían a financiar proxectos de anualidades anteriores, co fin de que se poidan executar antes do 31 de decembro do ano 2013. No punto número dous, convocar con moita brevidade a Mesa para o desenvolvemento do Plan de carbón, para acordar as infraestruturas correspondentes ao exercicio 2012, que no día de hoxe segue sen reunirse. E no punto número tres, instar o Goberno do Estado para que se recupere e siga o nivel de investimento nas comarcas de Cerceda e As Pontes con cargo ao Plan da minería ata o ano 2018, inclusive.

Sr. Soto Viveiro

Bos días, o noso posicionamento vai ser favorable a esta moción, á parte de estar de acordo con case todos os preceptos que se inclúen nela, nós tamén queremos demandar o cumprimento íntegro deste plan, do Plan do carbón, e tamén o que comportaría a sinatura de todos os convenios pendentes cos concellos afectados, como ben dicía a compañeira do

Partido Socialista, basicamente os concellos de Cerceda e As Pontes. Temos que lembrar que no orzamento de 2012 xa había unha caída nos orzamentos para o Plan do carbón do 40%, e as previsións para o 2013 son aínda máis negativas. Temos que lembrar tamén que son unhas axudas básicas para o desenvolvemento económico e social destas zonas, e para paliar tamén os prexuízos inherentes ao desenvolvemento das actividades extractivas, tanto nas Pontes como en Cerceda.

Sr. Ruiz Rivas

A verdade é que esta é a típica moción que este Grupo lle esixe reaccionar con coherencia, e neste caso reaccionar sabendo que posiblemente a postura que adoptemos non sexa a politicamente máis correcta para que non se poida utilizar como unha falta de apoio deste Grupo ás comarcas que se vían beneficiadas polo Plan miner, pero si é certo que todos somos conscientes das circunstancias orzamentarias que moven o Goberno central, todos somos conscientes da rebaixa, precisamente en fondos, incluídos drasticamente os fondos que viñan destinados a este plan, o Plan miner, e todos somos conscientes tamén do gran esforzo orzamentario que se ten que facer desde o Estado para poder acometer ese pago de débeda tan importante, para tentar sacar ao país desta crise, como vostedes din, como recortes, e como nós dicimos adaptando ou readaptando precisamente o gasto a prioridades e o gasto aos ingresos que temos. Un dos plans que sufriu estas consecuencias foi o Plan miner, e na actualidade o que está garantido son aqueles que en exercicios anteriores foron comprometidos, asinados e están en execución, e por tanto creo que ese realismo que dicía a nós impídenos o poder apoiar o que se poidan incrementar precisamente os proxectos que non están incluídos dentro deste grupo.

Dito isto, o que si lle podo dicir é que vostede sabe perfectamente que practicamente a maioría do que é a comisión que se integra, é dicir, a Mesa está formada polas representacións sindicais, por dous concellos neste caso de signo similar ao seu, é dicir, concellos de Cerceda e As Pontes, onde hai maioría e onde eu lle podo dicir que as iniciativas que outros concellos tamén quixeron levar adiante, contando con esa maioría, non se puideron levar adiante, ben, aquí hai algún deputado que seguramente sabe bastante máis ca min dese tema e deses proxectos, ou proxectos tamén como os doutros concellos, ou da Laracha, etc. Dito isto, pois se no seu momento, cando non nos collera tanto o touro da crise, cando había recursos, se houberse unha maior eficiencia no que foi a xestión, a aprobación deses proxectos se houberen levando adiante, hoxe en día comprometeuse e estarían en execución seguramente moitísimos máis proxectos dos que agora se están facendo. Por tanto, hai unha causa que si que non ten que ver con calquera previsible baixada de crédito do Goberno central, e é a baixa execución que levou por esa Mesa do que son as propostas que puideron levar adiante por parte doutros concellos que tamén tiñan interese.

Dito isto, entendo eu que esta institución dificilmente pode convocar esa Mesa, aí hai, como antes dicía, os representantes que si o poden facer, e por outra banda convocala para acordar as infraestruturas que dificilmente se van a poder facer, tampouco creo que fose

causa xustificable. Dito isto, a nós gustaríanos que o nivel de execución, ou de investimentos para os próximos anos fosen os que vostede pide, pero realmente sabe que iso non é así, e a coherencia que eu lle dicía na posición do voto obríganos a que, tendo moitas ganas de dicir que si, ese brindé ao sol, por coherencia e polo estado en que están as cuestións nos Orzamentos do Estado, lévannos a dicirlle que non. Máis nada.

Sra. Rodríguez Rumbo

Sr. Ruiz Rivas, podería dicirlle o mesmo que nos dixo vostede para aprobar os orzamentos, que creo que non hai ningunha razón para que vostedes non voten a favor desta moción, posto que o que se pide, como ben dicía vostede, a Mesa do Carbón compóñena dous sindicatos e dous concellos, e representan non soamente a eses concellos senón ás comarcas, pero o que pedimos aquí é que se habiliten fondos para acometer as infraestruturas que foron aprobadas en anos anteriores, posto que para o ano 2012 non se reuniu a Mesa do Carbón nin sequera para aprobar co 64% de diminución que houbo para este ano nos orzamentos. Por tanto, o que pedimos é que se habiliten fondos para as obras xa aprobadas e enviados os proxectos de cada un dos concellos, e non soamente dos concellos das Pontes e Cerceda, senón do resto da comarca, posto que na listaxe que teño aquí, que abarca 69.490.500 euros, hai un saneamento no medio rural en Ordes, de 625.500 euros e algún máis que non corresponden exactamente aos concellos nin de Cerceda, nin das Pontes.

Insisto en que o que pedimos é que se habiliten fondos para acometer esas obras que foron aprobadas, enviados os seus proxectos ás instancias correspondentes e no día de hoxe están sen asinar eses convenios e sen habilitar as correspondentes partidas para poder levarlos a cabo. Tamén se pedía que se convocase con moita brevidade a Mesa para o desenvolvemento do carbón para acordar as infraestruturas do ano 2012, e aínda que, xa digo, nos orzamentos viña unha redución dun 67%, no día de hoxe a redución é do 100%, posto que non houbo nin Mesa do Carbón nin aprobación de ningunha infraestrutura para este ano. E, por último, o que se pide é que se recupere, como ben vostede dicía, e se siga o nivel de investimento nas comarcas de Cerceda e As Pontes, por tanto, insisto, se non se aproba tamén é un motivo político, e non de peso, para non poder darnos a razón e apoiar neste caso a dous concellos que, do mesmo xeito que na anterior sesión plenaria aprobouse para outros dous concellos a súa fusión, neste caso os nosos concellos e os seus habitantes tamén teñen unha serie de necesidades, e as súas comarcas, que esta Deputación tamén ten que ter en conta. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 17 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Sr. presidente

Pasamos ao debate da seguinte moción, que se lles parece aos portavoces, como trata do mesmo asunto, debatémolas conxuntamente. Empezamos pola orde que teño aquí que é a do Partido Socialista.

-Moción do Partido Socialista sobre medidas fronte aos desafiuzamentos.

-Moción do Bloque Nacionalista Galego para que se modifique a Lei hipotecaria e adopción de medidas sociais para solucionar o drama dos desafiuzamentos.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, todos somos conscientes da situación de crise económica que estamos a vivir en España que leva a que familias completas teñan a todos os seus membros no paro, que familias que ven como un dos maiores logros da súa vida, que é adquirir unha vivenda, quizá o maior investimento que fagan na súa vida, pode estar en perigo por unha execución hipotecaria que pode provocar a perda desa vivenda, e ademais de perder a vivenda estarán expostos a unha condena financeira para sempre. Á vista de todos estes problemas o Goberno da nación recentemente publicou un decreto que dá unha moratoria de dous anos para frear os desafiuzamentos. O Partido Socialista estivo a negociar co Goberno da nación ata o último momento para sacar unha norma que arranxe definitivamente o problema social que está exposto, o Goberno parece ser que no canto de defender o interese xeral deixouse presionar polos xuros dos grupos bancarios, e non adoptou a medida que nós consideramos que é imprescindible que é a modificación da Lei hipotecaria. Por tanto, presentamos esta moción que paso a ler textualmente a parte dispositiva:

“Primeiro: Instar o Goberno de Estado a que estenda a moratoria e todos os procedementos de desafiuzamento mentres non se detalle o tipo de garantías que se executa, vivenda habitual ou outro tipo de inmobles.

Segundo: Instar o Goberno de Estado a que esixa de forma urxente a todas as entidades financeiras titulares de créditos hipotecarios listados despersonalizados nos que se recolla un a un todos eles, contemplando municipio, ano de concesión, se se trata de compra de primeira vivenda ou mellora, valor de taxación, contía do crédito, anos de amortización, cota mensual aproximada e estimación de ingresos anuais dos prestatarios sobre a base coa que a entidade concedeu o crédito, e se houbo ou non avalistas.

Terceiro: Instar o Goberno do Estado a que con base na información obtida das entidades financeiras, e traballando con cifras certas, acometa unha rápida reforma da Lei hipotecaria e do procedemento xudicial de execución hipotecaria que garanta que o que está a pasar agora non se repita no futuro, e ao mesmo tempo equilibre os dereitos dos debedores hipotecarios respecto dos dereitos das entidades financeiras.

Cuarto: Instar o Goberno do Estado a que adopte as medidas necesarias para que nos supostos de vivenda habitual e insolvencia sobrevida de boa fe, que se aplique a dación en

pago regulada no artigo 140 da Lei hipotecaria, de tal forma que, a elección do debedor, pódase cancelar sen execución hipotecaria a totalidade da débeda pendente coa entrega da vivenda, aínda que isto non fora pactado ao formalizarse a hipoteca.

Quinto: Instar o Goberno do Estado a que se adopten todo tipo de medidas tendentes a que os poderes públicos dean cumprimento efectivo ao disposto no artigo 47 da Constitución española e estúdense saídas xustas á cuestión das vivendas baleiras.

Sr. Regueira Varela

Falábase hai un momento, dicía o Sr. Moreda que eles se tivesen que facer un orzamento sería parecido ao que presentaba o Partido Popular, que era cousa de sota, cabalo e rei, e a verdade é que si, en certas cousas hai casuísticas parecidas, neste caso tamén.

Á altura de 2011, a portavoz do PSOE Ana María Fuentes, ante unha proposición do BNG en relación coa dación en pago dicíanos nese debate no Congreso que a dación en pago como un proceso retroactivo é imposible porque estamos a crear falsas expectativas, iso encarecería a saída de crise, etc., etc., púñanos múltiples problemas para aprobar cuestións parecidas que as que está a propor hoxe o PSOE e que as que imos propor nós a continuación. O curioso do asunto, fíxense vostedes, é que entón gobernaba o PSOE en Madrid e o PP fíxo unha valoración positiva da proposta que facía o BNG naquel momento. Entón, dicía o PP, e chegou a afirmar o deputado do PP, Pablo Matos, “Consideramos desproporcionado que un banco se poida quedar cunha casa polo 50% do seu valor e que logo a poida vender por máis diñeiro a outros cidadáns”, é curioso, ten razón o Sr. Ruiz Rivas, que moitas veces os matices políticos á hora de aprobar as cousas, evidentemente hai que falar de política en maiúscula, non de políticas de ocasión. Cando estamos a xogar con temas como este, ou como outras cousas, que non son simplemente perder unha casa, porque detrás de si trae outras moitas cousas, porque para perder a casa primeiro hai que perder o traballo, primeiro hai que perder tamén outro tipo de prestacións, e posteriormente se cadra quedanche por pagar 6.000 euros dunha casa e perdes tamén a casa e segues pagando, e non podes sacar nin os xoguetes dos teus fillos e das túas fillas das casas. Entón, evidentemente, eu creo que é a hora de facer política con maiúscula e ser coherentes.

En todo caso, nós imos apoiar a moción do PSOE, espero que sexa un apoio recíproco, a pesar do que acabo de dicir eu agora, porque tamén recordo no ano 2009 á ministra Chacón en titulares de El Mundo dicindo que ían saír nove novos Xulgados en Madrid para apurar o tema dos desafuzamentos, porque había que botarlle unha man á banca, entón, a vida ten estas cousas, cando se está nun lado, cando se está no outro.

A nosa moción o que propón é, como primeiro punto, instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado que proceda á modificación da Lei hipotecaria, que teña carácter retroactivo para dar solución ao grave drama social dos desafuzamentos por falta de pagamento de hipotecas, adoptando medidas como as seguintes: contemplar a dación en pago, ou extinción do crédito coa entrega da vivenda, garantindo o aluguer social da mesma

vivenda, sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes. Establecer un réxime especial no caso da execución de préstamos cando se refira á vivenda habitual ou aos negocios comerciais; contemplar moratorias para deixar o pago das cotas hipotecarias temporalmente en suspenso cando se producen circunstancias económicas difíciles como a perda do emprego ou peche dun negocio; establecer a posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer, estudar un procedemento concursal específico para permitir a paralización de certas execucións, modificar o réxime de taxación e aumentar a porcentaxe de adjudicación ao acredor, actualmente no 60% do valor da taxación. Segundo, instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado a seguinte medida de carácter social: habilitar un fondo económico especial para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e as familias que se atopen en situacións económicas extremas. E terceiro, instar á Xunta de Galicia á creación dunha oficina de asesoramento para familias ameazadas polos desafiuzamentos, creación dunha bolsa de vivenda social esixindo das entidades bancarias e de aforro, que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen formar parte dela para o aluguer social ou a venda a prezos taxados. Cuarto, remitir este acordo ao presidente da Xunta de Galicia, ao presidente do Goberno do Estado e aos grupos parlamentarios do Congreso e Parlamento de Galicia. E quinto, e último punto, o Pleno da Deputación acorda ademais a adopción das seguintes medidas: Interesar das entidades bancarias e de aforro, información sobre posibles desafiuzamentos que afecten a familias dos concellos da provincia da Coruña e a paralización dos que estean en marcha. E outro epígrafe, no suposto de falta de colaboración das entidades bancarias coa Deputación, proceder, na medida que sexa posible, e non prexudique aos veciños e veciñas, a prescindir dos servizos que as mesmas poidan prestar á Deputación.

Sr. Ruiz Rivas

A verdade é que o tema dos desafiuzamentos é un drama social, é un drama social que, evidentemente, o problema que as persoas poidan ter no ámbito laboral vese traducido ao seu ámbito persoal podendo perder o que un Estado debe garantir, que é a súa vivenda. Tamén é verdade que ese drama non é algo novo, eu mesmo, por razóns profesionais vivín no seu momento, nas crises de comezos do ano 80, posiblemente tal cantidade de desafiuzamentos como os que hoxe tamén estamos a ver, sen que naquel momento houbera esa unión social tan necesaria para ir adoptando medidas, como neste caso están a facerse. E dígoo porque as solucións teñen que vir desde todos os ámbitos, desde o ámbito loxicamente da banca, a banca creo que tamén, aínda que timidamente, anunciando que durante dous anos non ían facer uso nos casos de extrema gravidade, estaban a dar un paso adiante coa aprobación do que era nin máis nin menos o código de boas prácticas, tamén o estaban facendo, e o Goberno era loxicamente o que estaba a premer para que así fóra, e os primeiros pasos ou as primeiras solucións para este drama non se deron durante toda a etapa democrática cando fixo falta, están a darse agora. Por tanto, hai un Goberno que está comprometido, está comprometido como están moitos dos concellos e como está tamén a propia Deputación provincial. Eu creo que outra das cuestións que se solicitan haberá que madurar e esperar realmente se non estaremos a engadir un problema ao que é o drama

destas familias, eu creo que o sistema financeiro, e non digo nada novo se digo que se basea na solvencia, que se basea na seguridade xurídica de todo o sistema, como o sistema social baséase no esforzo das administracións en atender ás necesidades básica, o traballo e a vivenda é unha delas. Pois ben, eu creo que hai que buscar unha fórmula que garantindo o dereito destas persoas a non perder a súa vivenda, garanta tamén a estabilidade de todo o sistema, eu creo que dar a mensaxe de que non pagar en todos os casos é bo sería unha mensaxe totalmente equivocada. Eu creo que aquí non é o que se pretende, pero creo que para os casos desa extrema gravidade que aquí se fala, este Goberno do Partido Popular en Madrid foi o primeiro que en toda a etapa democrática se atreveu a dar un paso adiante, atreveuse a aprobar un real decreto, e atreveuse, non sei se a solucionar, pero cando menos a paliar de forma importantísima en tan só 11 meses dun dos problemas, que non me veñan a dicir tampouco que non é un problema herdado, non é un problema novo, é un problema que xa se viña vendo, que xa se vía que ía ir a maiores e para o que non se tomou ningún tipo de medidas.

Por tanto, nós estamos de acordo en que se busquen esas medidas, creo que o Goberno o está facendo para que quen teña dificultades económicas non se vexa a engadir unha dificultade máis, que é a falta de vivenda. Este real decreto que antes dicía vai beneficiar a todas as persoas que cobran menos de 1.600 euros netos ao mes, familias numerosas, monoparentais con dous fillos ao cargo ou que teñan persoas dependentes, discapacitadas, así como mulleres que fosen vítimas de violencia de xénero. Ademais, respondendo tamén a algunha das cuestións que a vostedes lles preocupan e que expoñen, vaise crear un fondo social de vivendas públicas que o Estado vai ofrecer ás familias que xa foron vítimas dalgún caso de desafiuzamento, para que palíen dalgún modo a súa situación de dificultade.

Eu, como antes dicía, creo que todos os Grupos están na disposición de tentar axudar, como fan desde os concellos, no mesmo plan, pero non é menos que se alguén tomou medidas e as está tomando é o Goberno do Partido Popular, por tanto, queda un trámite, isto aprobouse por real decreto, que é a ratificación no Congreso dos Deputados, o cal vai esixir o que non puido levar a cabo, e que basicamente viña falando e ofrecendo desde hai moito tempo, que é un acordo entre os dous grandes partidos do Estado ao que se podían sumar o resto. Por tanto, espero que as dúbidas que aínda poidan xurdir da aplicación deste real decreto, as situacións que puidesen quedar á marxe, que neste momento creo que son inexistentes ou mínimas, deberían ser superadas nese trámite do Congreso dos Deputados, por tanto, sendo isto un Goberno que tomou medidas en moitos casos superiores ás que vostedes solicitan, son as razóns de fondo que motivan que este Grupo que apoia ao Goberno vaia votar en contra das súas mocións.

Sr. Fernández Moreda

Moi brevemente, para dicir que o corolario da intervención do Sr. Ruiz Rivas é que hai que modificar a Lei hipotecaria, que é o que estamos a pedir, é a única solución que

existe, modificar a Lei hipotecaria, para que? Para evitar que as cousas que están a pasar agora volvan pasar no futuro e para equilibrar os dereitos entre os debedores e os dereitos da banca, e estano dicindo ata os propios xuíces, e a solución pasa por aí, oxalá se chegue a unha solución, oxalá todos os partidos políticos busquen unha solución e oxalá se arranxe o problema porque creo que é un tema que nos afecta a todos e que todos somos sensibles ante este drama social que están a vivir centos de miles de galegos e de españois.

Sr. Regueira Varela

Vouno a reflectir cun chiste malo, pero que se vai entender perfectamente. Nun prato de ovos con chourizo a galiña está comprometida, o porco está implicado, entón, evidentemente, eu creo que o compromiso que di o Sr. Ruiz Rivas que demostra o Goberno é un compromiso estraño, non cobre practicamente nin a mínima parte das persoas que están a perder a súa casa. É curioso que antonte en Carballo, nunha Comisión de Facenda, o Partido Popular nos solicitase ter en conta o factor Iprem para bonificar os mozos de 25 anos ou menos, pero maiores de idade, no bono familiar das familias, etc., etc, cun fin social. En cambio, para favorecer as persoas que se van quedar sen vivenda practicamente teñen que estar na miseria absoluta e practicamente ademais de estar na miseria teñen que ser ou mulleres maltratadas, ou ter non sei cantos fillos..., unha cousa non se concilia coa outra. Entón, evidentemente, oxalá o acordo poida ser posible, oxalá o que defende o PSOE cando está no Goberno e cando está na oposición, e o PP cando está na oposición e cando está no Goberno chegue un día a conciliarse e este problema, que é un problema non menor, e que ademais é un problema ocasionado por entidades bancarias ás que lle estamos dando miles de millóns de euros todos e todas, soluciónese dunha vez, porque xa digo, ningunha das persoas que se tiraron desde as xanelas da súa casa terían axuda co acordo, coa proposta que fixo o Partido Popular, e iso é grave.

Procédese a votar a moción presentada polo PSOE.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 17 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Procédese a votar a moción presentada polo BNG.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 17 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Sr. Soto Viveiro

Nós presentamos unha moción por vía de urxencia, creo que foi pasada aos portavoces dos grupos, que ten que ver coa conversión ou transformación do parque municipal de bombeiros de Ferrol nun parque comarcal, é un tema que está moi latente na comarca de Ferrol, como vostede ben sabe, e vostede pódeme dicir porqué non a presentaron por vía ordinaria, se é un tema do que leva falando xa desde mediados de ano.

Sr. presidente

Supoño que está a debater a urxencia.

Sr. Soto Viveiro

É un tema moi latente e un tema no que temos a percepción de que o alcalde de Ferrol e o alcalde de Narón, basicamente como os actores dos concellos máis grandes integrantes deste colectivo están a implicarse, polo menos publicitariamente, entón a comarcalización deste servizo supón tamén unha participación da Deputación, por iso nós presentamos esta moción para que o Pleno desta Deputación se manifeste nun sentido ou noutro.

Sr. presidente

Como saben vostedes, xa dixemos en moitas ocasións que as mocións nos gustaría telas en tempo e forma, esta non foi así, nós non a temos con tempo e forma, ademais como a súa compañeira Silvia Seixas tamén estivo representada antes no Consorcio de Extinción Provincial sabe que toda a provincia está comarcalizada no día de hoxe, así que se lle parece, se lle parece no seguinte Pleno preséntaa con tempo e pasámola a debater, de todos os xeitos votamos a urxencia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 17 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Sr. Soto Viveiro

Vostede sabe que non é así, pero se non quere debater a moción, non a debate e listo.

Sr. presidente

Non, non é así, non, iso é o que hai, se quere facer unha pregunta, está vostede no uso da palabra.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Soto Viveiro

É unha pregunta respecto da execución do proxecto de ampliación e mellora da estrada 1802 que vai desde Veiga da Cabana ás Pontes, é unha obra que está en execución, pero polo visto, a execución foi parada momentaneamente, entón a pregunta vai no seguinte sentido, cal é o estado actual da execución da obra ampliación e mellora da estrada 1802 Veiga da Cabana ás Pontes?, cal é a previsión do grupo de Goberno da Deputación para a finalización da obra?, contéplase na actualidade algunha modificación do proxecto aprobado inicialmente?, se é que se contempla algún tipo de modificación, en que consistirían estas?, e ten previsto o Grupo de Goberno continuar coa ampliación e mellora da estrada da que estamos a falar na súa totalidade?

Sr. presidente

Moitas grazas, sabe vostede que aínda que lle pasemos despois as respostas por escrito para que as teña, adiántolle que efectivamente é unha obra contratada xa hai tempo, que cando ían empezar as obras atopouse unha tubaxe de auga municipal, houbo que esperar a que o concello a recuase, unha vez feito empezaron as obras, que a empresa empezou o traballo pero, en principio está dentro do seu prazo determinado, que finalizaría o día 5 de xaneiro do ano 2013, aínda que sabemos que froito do atraso que se acumulou probablemente non se termine nese tempo, senón que vai necesitar máis ou menos, a tres meses a maiores, aínda que é certo que no día de hoxe non presentou aínda unha solicitude de prórroga para a súa finalización. Hai unha certa controversia con varias unidades de obra entre a empresa adxudicataria e os técnicos da Deputación que están actualmente traballando nese sentido, e axiña que como o teñan solucionado darémoslle conta se así o precisa, e con esta obra adaptárase o ancho desta estrada entre eses puntos quilométricos, o anterior quedaría un tramo intermedio, que nun momento o concello solicitara fondos do Estado para facelo, non se puido levar a cabo e estamos a mirar se noutro momento o podemos acometer por parte da Deputación.

Sr. Regueira Varela

Simplemente dicir o que dixen antes porque o que teño eu eran 30.000 euros, en todo caso se estou equivocado no próximo Pleno rectificame, pero tamén eran outros tempos.

Sr. presidente

Farémolo.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as catorce horas e vinte minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.